

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 26 de novembro de 2010**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, día 26 de novembro de 2010, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, n ° 10/10, do 29 de outubro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da n° 20.900 á n° 22.299, de 2010.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario correspondente ao mes de decembro.

### **Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico**

4.-Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento do “Proxecto Estalmat-Galicia para estimulación do talento matemático”.

### **Comisión de Persoal e Réxime Interior**

5.-Aprobación do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigramas ano 2011.

### **Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

6.-Formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial e o Concello de Santiago de Compostela para financiar a redacción de proxectos de recuperación do casco histórico.

7.-Substitución da proposta inicial do obxecto do convenio co Concello de Ares para financiar a adquisición dunha embarcación con motor para o servizo municipal de protección civil pola adquisición de equipamento para un parque para tod@s en Redes (Ares).

8.-Aprobación da proposta de formalización dun convenio co Concello de Pontedeume para financiar as obras incluídas no proxecto de instalación de terreo de xogo de herba artificial.

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

9.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Bergondo en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

10.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Boimorto en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local.

11.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Boqueixón en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

12.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Cee en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

13.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Cerdido en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

14.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Cesuras en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

15.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Culleredo en materia de recadación voluntaria e executiva da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

16.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Mesía en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

17.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Moeche en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

18.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Vimianzo en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

19.-Toma de coñecemento do informe sobre a fiscalización posterior feita aos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2009: altas e baixas sobre o imposto sobre bens inmuebles de natureza urbana (IU), bonificacións sobre o imposto de bens inmuebles sobre natureza urbana (IU), imposto de incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) e declaración de falidos.

20.-Toma de coñecemento do informe sobre a fiscalización a posteriori dos expedientes relativos ás liquidacións de diversos conceptos correspondentes ao orzamento de ingresos da Deputación provincial, efectuadas durante o exercicio 2009.

21.-Orzamento xeral para o exercicio 2011 e Bases de execución.

22.-Alegacións da representación sindical da CIG e UGT ao Expediente de modificación de créditos nº 4/2010 de aprobación polo Pleno.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

23.-Aprobar o proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado da EP 0106 de Ameás a Oza dos Ríos, tramo PK 8,600 a 14,700. Abegondo e Oza dos Ríos (código do proxecto reformado 0811100009.1).

24.-Aprobar o Plan de sendas peonís 2010, terceira fase que integra a obra: construción de senda peonil desde Fonte Díaz (Touro) ata Cebreiro (O Pino) D.P. 660 (Código 1011700005.0).

25.-Desestimar as alegacións presentadas á expropiación para a execución das obras incluídas no proxecto modificado do de travesía na DP 3109 Vilaboa a Peiro por Tarrío P.Q. 0,000 ao 3,120 (1ª fase: O Bosque) (0511300017.0) e executar a fase de información pública do citado expediente expropiatorio.

26.-Desestimar as alegacións presentadas contra a aprobación do proxecto modificado nº 1 do de mellora de seguridade viaria na EP 1502 Porto a Laraxe, P.K. 0,0 ao 1,1 (Cabanas) (0811300010.0).

27.-Concesión dunha prórroga de corenta días ao Concello de Arteixo para que remita a documentación da base 3.2 do Texto refundido das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña.

28.-Aprobar o Plan de sendas peonís 2010 4ª fase integrado polo proxecto: -Mellora da seguridade viaria na DP 7504 senda peonil en Castelo a Carnoedo P.Q. 1+150 ao P.Q. 2+180 (Sada). Código 1011700005.0.

29.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 undécima fase integrada polos proxectos: -Reparación pavimento e mellora de drenaxe na estrada 3802 Rúa Rosalía de Castro (Ordes) Código 1011100011.0; -DP 5708 Acceso á Igrexa de Argalo Ensanche e mellora P.Q. 1+380 ao P.Q. 1+620. Noia. Código 1011100012.0.

30.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 décima fase integrado polo proxecto: Mellora da capa de rodaxe no D.P. 5903 Ordes a Portomouro por Pontechonia (Ordes) Código 1011100010.0.

31.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 duodécima fase integrado polos proxectos: -Mellora da sinalización vertical sinais P-24 zonas A e B (código 1011100013.0); -Mellora da sinalización vertical sinais P-24 zonas C e D (código 1011100014.0).

32.-Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2010 sexta fase integrado polo proxecto: Ensanche e mellora da DP 1101 de Triñáns á estrada de Boiro á Ponte de San Francisco (Boiro). Código 1011000028.0.

33.-Modificar o acordo plenario do 29-10-2010 relativo á aprobación provisional do Plan de travesías 2009 11ª fase 1ª relación integrada polo proxecto “Travesía na estrada DP 3205 Présaras a Carregosa P.Q. 0+000 ao P.Q. 266 (Vilasantar) (Código 0911300023.0).

34.-Aprobar o Plan de sendas peonís 2010 quinta fase integrado polo proxecto: mellora da seguridade viaria na DP 7506 senda peonil no P.Q. 0+450 ao 1+350 (Sada) Código 1011700006.0.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓNS  
ROGOS E PREGUNTAS



|                                    |      |
|------------------------------------|------|
| DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS       | BNG  |
| DON JESÚS VEIGA SABÍN              | PP   |
| DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ | PSOE |
| DON PABLO VILLAMAR DÍAZ            | BNG  |

Non asiste o Sr. Sande Muñiz.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Ribera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, N ° 10/10, DO 29 DE OUTUBRO.**

#### Sr. Secretario

Hai que advertir que na páxina 49 da acta que foi distribuída, punto 21 da orde do día, apartado 2º.4 “Modificación das subvencións nominativas seguintes: Concello de Negreira, piscina climatizada”, a porcentaxe de financiamento non é do 100% senón do 70,22%, como por outra banda se deduce do simple cotexo das dúas columnas inmediatas anteriores, é dicir, o orzamento subvencionado e o importe da subvención.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 10/10, do 29 de outubro.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA N° 20.900 Á N° 22.299, DE 2010.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 20.900 á nº 22.299, de 2010.

(Entra a Sra. Vázquez Veras).

### **3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO.**

Por unanimidade ratifícase a inclusión na orde o día e tamén por unanimidade apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Don Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro correspondería celebrala o día 31 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada, polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión plenaria do 28 de xullo de 2007,

PROPÓN AO PLENO, despois da ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

**“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao duodécimo mes de 2010 celebrarase o día 17 de decembro, venres, a partir das doce horas”.**

#### **4.-CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DO “PROXECTO ESTALMAT-GALICIA PARA A ESTIMULACIÓN DO TALENTO MATEMÁTICO”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento do “Proxecto Estalmat-Galicia para estimulación do talento matemático”, cunha achega provincial de 25.000 € e un orzamento subvencionado de 50.000 €, de acordo co seguinte texto:

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DO “PROXECTO ESTALMAT-GALICIA PARA A ESTIMULACIÓN DO TALENTO MATEMÁTICO”.**

A Coruña,

REÚNENSE

D. SALVADOR J. FERNÁNDEZ MOREDA, presidente da Deputación Provincial da Coruña.



D. JUAN J. CASARES LONG, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, (en adiante, USC)

## MANIFESTAN

Que a USC, a través da súa Facultade de Matemáticas, desenvolve un intenso labor en todos aqueles aspectos do ámbito sociocultural que se relacionen coas matemáticas, o que se concreta, entre outros proxectos, na posta en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia do denominado “Proxecto ESTALMAT-Galicia”, como parte do Proxecto ESTALMAT en España, que, con óptimos resultados, ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos de 12 e 13 anos de idade.

Que o funcionamento básico do Proxecto ESTALMAT, avalado cientificamente pola Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales, consiste en seleccionar alumnos, mediante unhas probas que pretenden detectar aptitudes matemáticas avanzadas, e impartirlles clases, e outras actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento. Estas clases impártense nas mañás de vinte e cinco sábados do curso académico, na Facultade de Matemáticas da USC. e, cada edición, ten unha duración de dous cursos académicos.

Que o desenvolvemento do Proxecto ESTALMAT-Galicia está a cargo dun comité organizador composto por dez profesores, que preside o catedrático de Matemática Aplicada, Juan Manuel Viaño Rey, e dun equipo docente integrado por vinte e cinco profesores., todos eles profesores de matemáticas con docencia en centros de ensino de distintos niveis en toda Galicia ou nalgunha das tres universidades galegas.

Que a posta en marcha do proxecto ESTALMAT-Galicia tivo lugar ao longo do curso académico 2007-2008 co primeiro grupo de 25 estudantes, e xa se consolidou nos cursos 2008-2009 e 2009-2010 coa entrada dun novo grupo de 25 estudantes cada curso. En total, en cada curso académico, o proxecto traballa con 50 estudantes que se reparten en dous grupos de 25.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sostible ao avance do coñecemento e o benestar social.

Tendo en conta as anteriores consideracións, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar coa USC no proxecto Estalmat-Galicia no curso 2010-11

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración e

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a USC, para financiar

- 50 medias bolsas de colaboración co proxecto destinadas a financiar parcialmente os gastos das familias dos estudantes seleccionados que seguen as actividades do curso 2010-11. A contía das bolsas será proporcional á distancia do seu domicilio á Facultade de Matemáticas en Santiago de Compostela.
- Gastos de persoal por cursos, conferencias, organización e colaboracións no proxecto ESTALMAT-Galicia (25 profesores do equipo docente e do comité organizador, persoal administrativo).
- Gastos varios relacionados co Proxecto ESTALMAT-Galicia (locomoción, material de imprenta, aluguer de salas ou equipos, conferencias, campamento matemático, premios en concursos con estudantes de Matemáticas,....)

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE PARA REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO   | IMPORTE           |
|--|-------------------|
| 1.- Gastos de persoal  |                   |
| 1.1. Docencia  | 8.000,00€         |
| 1.2.-Persoal administrativo e técnico                                  | 2.000,00€         |
| 1.3.-Persoal organización  | 3.000,00€         |
| 1.3.-Dirección e coordinación  | 7.000,00€         |
| 1.4.-Desprazamentos  | 3.000,00€         |
| 2.- Gastos en bens correntes e servizos                                |                   |
| 2.1.- Indemnizacións e axudas viaxes familias estudantes participantes | 14.000,00€        |
| 2.2.-Refreshcos e bebidas quentes                                      | 4.000,00€         |
| 2.3.- Gastos xerais material docente.                                  | 6.000,00€         |
| 2.4.- Gastos estancias campamento matemático Gandarío                  | 3.000,00€         |
| <b>TOTAL</b>   | <b>50.000,00€</b> |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000€, o que representa unha porcentaxe do 50%.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50%, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á A USC, que ademais, e a través da Facultade de Matemáticas, organizará e realizará directamente, todas as actividades, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades, as actividades necesarias para a realización do “Proxecto ESTALMAT-Galicia” referido no expositivo do presente convenio.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á USC, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á USC despois da presentación da seguinte documentación:

\* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula

## VII. TERMO PARA REALIZAR A ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do

importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- A vixencia do presente convenio de colaboración iniciarase na data da súa sinatura e finalizará o 31 de outubro de 2011.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, tras os informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **5.-APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E ORGANIGRAMAS ANO 2011.**

### INTERVENCIONS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sras. e Sres. deputados, o Grupo Popular vaise abster neste punto número 5, aprobación do persoal, xa que non se nos chamou a participar nel, que ademais é un tema técnico no que nós estamos un pouco... Por tanto, o voto vai ser de abstención.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

### ACORDO



Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar as seguintes modificacións no cadro de persoal e relación de postos de traballo vixentes:

#### **SERVIZO DE PLANIFICACIÓN, DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E U.E.**

- Amortizar un posto de xefatura de Negociado do Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea (grupo A2/C1, nivel de complemento de destino 22) e unha praza de técnico de organización (A1), transformándoos nunha praza e posto de técnico de xestión de proxectos (grupo A1, nivel 22), escala A.E

#### **FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY**

- Amortizar un posto e praza de celadora laboral (grupo de convenio V.7) vacante por xubilación e un posto e praza de celadora funcionaria (grupo E, nivel 14), vacante por xubilación a partir de febreiro de 2011, transformándoos en dúas prazas e postos de auxiliar educador funcionario (grupo C2, nivel 16), incluíndo no complemento específico os factores de turnicidade e festividade, de conformidade cos criterios establecidos no Plan de emprego 2006/2009.

#### **IES PUGA RAMON**

- Amortizar unha praza e posto de profesor de secundaria (grupo A1, nivel 24), que corresponde a unha vacante por xubilación do seu titular e segundo informa a dirección do centro, na actualidade resulta innecesaria polos cambios lexislativos producidos en materia de ensino nos últimos cursos académicos.

#### **IMPRENTA PROVINCIAL**

- Amortizar unha praza e posto de auxiliar de taller (grupo V.7)

#### **INSPECCION TRIBUTARIA**

- Transformar un posto e praza de subinspector de tributos locais (grupo A2, nivel 24) nun posto e praza de técnico de xestión tributaria (grupo A2, nivel 21)

#### **CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA**

- Equiparar para os efectos retributivos aos profesores do Conservatorio Profesional de Danza co persoal docente da Xunta de Galicia nas condicións do devandito persoal docente de similar categoría.

- Recoñecer o dereito ao percibo de sexenios a partir do 1 de xaneiro de 2011

#### **IES CALVO SOTELO**

- Incorporar no complemento específico o factor de “habilitación de anticipos de caixa fixa”, nas retribucións de dous postos de profesor técnico de F.P. (grupo A2, nivel 24)

#### **CENTRO EDUCATIVO CALVO SOTELO (SERVIZOS XERAIS)**

- Incorporar o factor de “tramitador/a de anticipos de caixa fixa” no complemento específico de dous postos de auxiliar administrativo (grupo C2, nivel 16)

#### **BIBLIOTECA**

- Incorporar o factor de “tramitador/a de anticipos de caixa fixa ao complemento específico dun posto de administrativo de administración xeral (grupo C1, nivel 19)

#### **SERVIZO DE RECADACIÓN/TESOURERÍA**

Adscribir á Tesourería seis postos de traballo do Servizo de Recadación: un posto de xefatura de Sección da UISMT (grupo A1/A2, nivel 24); un posto de xefatura de Negociado da UISMT (grupo A2/C1, nivel 22), tres postos de administrativos de administración xeral (grupo A1, nivel 19) e un posto de técnico de xestión tributaria (grupo A2, nivel 21).

2º.- Definir as funcións dos seguintes postos de traballo:

#### **Técnico superior da Unión Europea (A1):**

- Preparar e facilitar aos concellos e axentes locais un servizo de información europea especialmente adaptado ás necesidades locais.
- Promover a participación activa dos concellos e da sociedade civil no proceso de construción europea.
- Ofrecer á cidadanía un servizo de información, asesoramento, asistencia e resposta ás cuestións sobre a lexislación, as políticas, os programas e as posibilidades de financiamento da Unión Europea e facilitar puntos de contacto no territorio.
- Facilitar o acceso aos documentos e/ou publicacións das institucións europeas e difusión dos recursos comunitarios (web, publicacións, etc.).
- Prestar un servizo de información europea vía web que reforce o labor de información da Deputación e responda mellor ás necesidades actuais da cidadanía, responsabilizarse da xestión e contidos dos apartados da web da Deputación asignados para información europea.
- Servir de ligazón de referencia para os programas europeos, en especial o referido a irmandamentos.
- Proporcionar un servizo de procura de socios para proxectos europeos a todos os axentes locais interesados na formulación de proxectos.
- Apoiar os técnicos de proxectos no servizo de procura de socios para a formulación de proxectos europeos e de axuda ao desenvolvemento.
- Promover o debate europeo entre a cidadanía sobre temas de actualidade ou ben naqueles temas que afecten o territorio.
- Elaborar estratexias mediáticas que engloben o sector audiovisual e xeren relacións cos medios de comunicación locais para o tratamento de asuntos europeos.

- Servir de ligazón co Departamento de Prensa e relacións cos medios de comunicación da representación da Comisión Europea en España e os medios de comunicación locais e rexionais.
- Fomentar a rede local entre ONG e axentes locais susceptibles de participar en proxectos europeos,
- Incrementar a sensibilización entre o cidadáns respecto do papel da Unión como actor global.
- Manter a vinculación coa Comisión Europea e as relacións co persoal ao servizo das institucións europeas.
- Establecer relacións de cooperación con outras redes de información e desenvolvemento nacionais ou comunitarias activas na rexión e noutros estados membros, xerando complementariedade e sinerxías a nivel local, rexional e europeo.
- Realizar proxectos e produtos conxuntos con outros centros de información comunitarios situados a nivel local, rexional e nacional.
- Participar nas reunións e campañas de comunicación organizadas pola Comisión Europea e/ou redes de información correspondentes, goberno nacional e galego.
- Cooperar con outros vectores de información europea activos a nivel local, rexional, nacional e internacional.
- Proporcionar feedback de información ás institucións europeas, transmitíndolles as cuestións máis relevantes, así como as opinións e suxestións na forma máis apropiada.
- Formular, planificar e desenvolver o plan de traballo anual do centro de información europea, redactando as propostas e informes que respecto diso sexan requiridos.
- Coordinar as actuacións da súa competencia coas previstas pola Xunta de Galicia, en especial coa Fundación Galicia Europa.
- Preparar actuacións de información e divulgación dos programas europeos.
- Preparar programas de intervención para grupos obxectivo específicos, como centros de ensino e asociacións, con especial atención aos programas europeos de mobilidade e voluntariado.
- Elaborar dosieres informativos sobre temas europeos de interese que se propoñan ou sexan requiridos.
- Representar a nivel técnico á Deputación nas redes oficiais ou comités nos que a institución provincial participe relacionados coa temática europea.
- Promover a colaboración coas universidades en relación ás materias que sexan da súa competencia.
- Colaborar coas actividades provinciais relacionadas coa acción internacional, en especial no relativo á axuda ao desenvolvemento.
- Dirixir, supervisar, coordinar e titorizar a actuación do persoal asignado en prácticas, estancias temporais de aprendizaxe ou proveniente de intercambios.
- Promover, nos temas da súa competencia, a presenza provincial en foros e redes sociais.
- Planificar e executar accións formativas sobre temas europeos.
- Propor e organizar xornadas, seminarios ou cursos relacionados coa temática europea.

- Prestar apoio e colaboración a outros departamentos da Deputación en asuntos e proxectos comunitarios ou con presenza internacional.
- Desenvolver os seus labores promovendo o uso das novas tecnoloxías e a xestión de calidade.
- Desenvolver a súa actividade en coordinación e activa colaboración cos técnicos de proxectos integrados no servizo de Planificación.
- Asumir aquelas tarefas que, no ámbito da súa competencia, lle sexan encomendadas polo xefe do servizo.

**Técnico de xestión de proxectos (A1):**


- Promover a planificación desde unha perspectiva supramunicipal, impulsando a preparación de proxectos conxuntos entre concellos da provincia, propondo a sinatura de convenios de colaboración, e a realización de accións para a actuación coordinada e conxunta con outras administracións públicas e coa sociedade civil.
- Elaborar os diagnósticos necesarios para a presentación de proxectos, creando e mantendo un banco de datos sobre a provincia en relación a estes.
- Estudar os orzamentos provinciais e propor a presentación de proxectos cando a previsión orzamentaria indique a posibilidade de obtención de cofinanciamento.
- Propor e impulsar estratexias de adaptación ás políticas, programas e liñas de actuación aprobadas pola UE.
- Propor, redactar, presentar, executar e avaliar proxectos de interese provincial, en especial no relativo a desenvolvemento local, promoción do emprego e do medio.
- Promover e supervisar a procura de socios e o establecemento das relacións de partenariado necesarias para os devanditos proxectos, en coordinación coas técnicas de UE.
- Propor a realización de actividades de formación necesarias para a elaboración, execución e avaliación de proxectos.
- Propor e supervisar a aplicación das técnicas e normas de avaliación e certificación de calidade para os proxectos que se xestionen.
- Preparar os cadros de mando dos proxectos que sexan responsabilidade da Deputación, e elaborar as estruturas e manuais de funcionamento, adaptados a cada proxecto singular.
- Elaborar os manuais necesarios para os participantes en proxectos: de xestión e avaliación, de procedemento contable e orzamentario e de calidade, de acordo cos parámetros esixidos polas normas aprobadas na convocatoria que no seu caso regule cada proxecto cofinanciado.
- Supervisar a coordinación das accións contidas nos proxectos e das actuacións dos diversos socios, cando aqueles sexan multisocio ou transnacionais.
- Dirixir, supervisar e coordinar a actuación dos técnicos de xestión de proxectos e, no seu caso, titorizar as estancias do persoal de prácticas, bolseiros ou de intercambios.
- Coordinar os proxectos cofinanciados pola UE, realizando os informes e dosieres que haxan de remitirse á administración autonómica, central ou comunitaria competente.

- Realizar o seguimento, informes, propostas e documentos de natureza administrativa dos proxectos da Deputación, e daqueles concellos que o deleguen nela, mediante a constitución da oportuna estrutura de partenariado.
- Asumir os compromisos de participación en proxectos nos que participe a Deputación, que correspondan a materias da súa competencia. Este compromiso poderá implicar, no seu caso, participar na redacción, implantación, dirección, xestión, coordinación e avaliación daqueles.
- Prestar apoio e colaboración a outros departamentos da Deputación no desenvolvemento de proxectos nos que participe a Deputación, que correspondan a materias da súa competencia.
- Xestionar os recursos provinciais destinados á cooperación ao desenvolvemento.
- Preparar, tramitar e xestionar convenios de colaboración da Deputación con entidades públicas e privadas en aplicación da axuda ao desenvolvemento.
- Asesorar e propor actuacións de solidariedade con terceiros países.
- Xestionar os recursos provinciais destinados á cooperación coa colectividade galega no exterior.
- Preparar, tramitar e xestionar convenios de colaboración da Deputación con centros galegos do exterior e outras entidades públicas ou privadas en aplicación da axuda á colectividade galega.
- Asesorar e propor actuacións de solidariedade coa colectividade galega no exterior.
- Representar a nivel técnico á Deputación nas redes oficiais ou comités nos que a institución provincial participe, relacionados co desenvolvemento local, xestión de proxectos, emprego e solidariedade internacional.
- Responsabilizarse da relación e coordinación técnica coas institucións e socios locais das actuacións que leven a cabo
- Promover a colaboración coas universidades en relación ás materias que sexan da súa competencia.
- Responsabilizarse da xestión e dos contidos dos apartados da web da Deputación en relación ao desenvolvemento local, proxectos, emprego, medio e solidariedade internacional. Para iso cooperará con todos os servizos que poidan estar implicados e recibirá o apoio necesario daqueles que xestionan os sistemas de información.
- Fomentar na súa actividade o uso das novas tecnoloxías da información e a xestión de calidade.
- Promover, nos temas da súa competencia, a presenza provincial en foros e redes sociais.
- Desenvolver a súa actividade en coordinación e activa colaboración coas técnicas de UE.
- Asumir aquelas tarefas que, no ámbito da súa competencia, lle sexan encomendadas polo xefe do servizo.

3.- Aprobar as organigramas, cadro de persoal e relación de postos de traballo para o próximo exercicio económico 2011, que son os que se relacionan a seguir:




## DIPUTACIÓN PROVINCIAL



### ORGANIGRAMAS DETALLADOS


- |     |  |      |   |
|-----|--|------|---|
| 1.1 | SERVICIO DE FOMENTO Y SERVICIOS PROVINCIALES (ESQUEMA DE UNIDADES) | 37   | GABINETE DE PRESIDENCIA                           |
| 1.2 | SERVICIO DE FOMENTO Y SERVICIOS PROVINCIALES                       | 38   | SERVICIO DE INFORMÁTICA                           |
| 3   | SECRETARÍA GENERAL   | 39   | SERVICIO DE ORGANIZACIÓN, CALIDAD Y MODERNIZACIÓN |
| 6   | SERVICIO DE GESTIÓN DE PLANES                                      | 39   | SERVICIO DE GESTIÓN TRIBUTARIA                    |
| 7   | OFICIALÍA MAYOR  | 31   | SERVICIO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA                 |
| 8   | SECCIÓN DE ACTAS, REGISTRO E INFORMACIÓN                           | 31.1 | SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN (CENTRAL)      |
| 16  | PARQUE MÓVIL   | 31.2 | SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN (ZONAS)        |
| 11  | SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN                              | 32   | TESORERÍA   |
| 12  | ASISTENCIA A MUNICIPIOS (ESQUEMA)                                  | 34   | IMPRESA PROVINCIAL                                |
| 14  | SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS                        | 35   | BIBLIOTECA Y ARCHIVO                              |
| 15  | SERVICIO DE ASISTENCIA ECONÓMICA A MUNICIPIOS                      | 36   | CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA                |
| 16  | SERVICIOS INTERNOS   | 37.1 | I.E.S. CALVO SOTELO                               |
| 17  | SERVICIO DE PLANIFICACIÓN Y GESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS            | 37.2 | C.R.D. CALVO SOTELO                               |
| 18  | SERVICIO DE VÍAS Y OBRAS   | 37.3 | SERVICIOS GENERALES CALVO SOTELO                  |
| 26  | SERVICIO DE ARQUITECTURA   | 38   | I.E.S. FUGA RAMÓN                                 |
| 21  | SERVICIO DE INGENIERÍA Y MANTENIMIENTO                             | 39   | HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY                       |
| 22  | INTERVENCIÓN GENERAL   | 40   | HOGAR INFANTIL DE FERROL                          |
| 23  | SERVICIO DE CONTABILIDAD   | 41   | PAZO DE MARIÑÁN                                   |
| 24  | SERVICIO DE FISCALIZACIÓN  |      |   |
| 25  | SECCIÓN DE PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONÓMICOS                      |      |   |
| 26  | SERVICIO DE PLANIFICACIÓN, DESARROLLO TERRITORIAL Y UNIÓN EUROPEA  |      |   |

**FOMENTO Y SERVICIOS PROVINCIALES  
(ESQUEMA DE UNIDADES)**






**SERVICIO DE FOMENTO Y  
SERVICIOS PROVINCIALES**






SECRETARÍA GENERAL




SERVICIO DE GESTIÓN DE PLANES






OFICIALÍA MAYOR






**ACTAS, REGISTRO E INFORMACIÓN**






PARQUE MÓVIL






## SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN






ASISTENCIA A MUNICIPIOS






**SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS**








SERVICIO DE ASISTENCIA ECONÓMICA A MUNICIPIOS






**SERVICIOS INTERNOS**






**SERVICIO DE PLANIFICACIÓN Y  
GESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS**






## SERVICIO DE VÍAS Y OBRAS






**SERVICIO DE ARQUITECTURA**






SERVICIO DE INGENIERÍA Y MANTENIMIENTO






INTERVENCIÓN GENERAL






**SERVICIO DE CONTABILIDAD**








## SERVICIO DE FISCALIZACIÓN






**PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONÓMICOS**






**SERVICIO DE DE PLANIFICACIÓN,  
DESARROLLO TERRITORIAL Y UNIÓN EUROPEA**






**GABINETE DE PRESIDENCIA**








**SERVICIO DE ORGANIZACIÓN,  
CALIDAD Y MODERNIZACIÓN**






## SERVICIO DE GESTIÓN TRIBUTARIA






SERVICIO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA








**SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN**  
**(SERVICIOS CENTRALES)**






**SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN  
(ZONAS RECAUDATORIAS)**






# TESORERÍA






## IMPRESA PROVINCIAL






**BIBLIOTECA - ARCHIVO**






## CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA






I.E.S. - CALVO SOTELO






**CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE -  
CALVO SOTELO**








**SERVICIOS GENERALES CENTRO  
EDUCATIVO CALVO SOTELO**





**I.E.S. RAFAEL PUGA RAMÓN**





# HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

JEFA DE SECCIÓN  
SERVICIOS SOCIALES  
A162


DIRECTOR  
INTERINADA  
A1

HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

| COCIÑEIRO/A                        | 15 | C2         | 1  | N | C.   |  | A.E.  | 4                                  |  | RESIDENCIA CULTURAL, TURNICIDADE | 9.519,23  |
| AXUDANTE DE COCIÑA                 | 13 | E(L.30/84) | 1  | N | C.   |  | A.E.  | 5                                  |  | RESIDENCIA CULTURAL, TURNICIDADE | 9.063,80  |
| CAMAREIRO/A                        | 13 | E(L.30/84) | 5  | N | C.   |  | A.E.  | 5                                  |  | RESIDENCIA CULTURAL, TURNICIDADE | 9.063,80  |
| AXUDANTE DE COCIÑA                 | 13 | E(L.30/84) | 1  | N | C.   |  | A.E.  | 5                                  |  | RESIDENCIA CULTURAL              | 6.925,72  |
| CAMAREIRO/A                        | 13 | E(L.30/84) | 1  | N | C.   |  | A.E.  | 5                                  |  | RESIDENCIA CULTURAL              | 6.925,72  |
| <b>SERVIZO DE VÍAS E OBRAS</b>     |    |            |    |   |      |  |       |                                    |  |                                  |           |
| XEFE DE SERVIZO                    | 28 | A1         | 1  | S | L.D. |  | AX/AE | 10                                 |  | ESPECIAL DEDICACIÓN              | 27.699,65 |
| ENXEÑEIRO CAMIÑOS, CANLES E PORTOS | 24 | A1         | 2  | S | C.   |  | A.E.  | Enxeñeiro Camiños, Canles e Portos |  | ESPECIAL DEDICACIÓN              | 25.422,90 |
| ENXEÑEIRO TÉCNICO VÍAS E OBRAS     | 24 | A2         | 5  | S | C.   |  | A.E.  | Enxeñeiro Técnico Obras Públicas   |  | ESPECIAL DEDICACIÓN              | 24.721,86 |
| ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL       | 24 | A2         | 1  | N | C.   |  | A.E.  | Enxeñeiro Técnico Industrial       |  | ESPECIAL DEDICACIÓN              | 24.721,86 |
| XEFE NEGOCIADO                     | 22 | A2/C1      | 1  | N | C.   |  | AX/AE | 2/3/9                              |  |                                  | 9.444,99  |
| ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA    | 22 | A2         | 2  | N | C.   |  | A.E.  | Enxeñeiro Técnico Topografía       |  | ESPECIAL DEDICACIÓN              | 18.517,30 |
| DELINEANTE                         | 19 | C1         | 2  | N | C.   |  | A.E.  | FP-2.Delin. ou Hom.                |  |                                  | 6.364,27  |
| AUXILIAR TÉCNICO                   | 19 | C1         | 16 | N | C.   |  | A.E.  | 3/4                                |  | ESPECIAL DEDICACIÓN              | 13.004,27 |
| ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL        | 19 | C1         | 3  | N | C.   |  | A.X.  | 3                                  |  |                                  | 6.364,27  |



|  |    |            |   |   |    |  |       |       |  |   |           |
|--|----|------------|---|---|----|--|-------|-------|--|---|-----------|
| AUXILIAR ADMÓN. XERAL                      | 16 | C2         | 1 | N | C. |  | A.X.  | 4     |  |   | 5.745,51  |
| AUXILIAR TÉCNICO (SABÓN)                   | 19 | C1/C2      | 1 | N | C. |  | A.E.  | 3/4   |  | ESPECIAL DEDICACIÓN (OCUPADO POR CAPATAZ) | 13.004,27 |
| OPERARIO                                   | 13 | E(L.30/84) | 2 | N | C. |  | A.E.  | 5     |  | ESPECIAL DEDICACIÓN. EN EXTINCIÓN         | 10.831,86 |
| <b>CONTABILIDADE</b>                       |    |            |   |   |    |  |       |       |  |   |           |
| XEFE DE SERVIZO                            | 28 | A1         | 1 | S | C. |  | AX/AE | 10    |  | ESPECIAL DEDICACIÓN                       | 27.699,65 |
| XEFE SECCIÓN REC.MUNIC.E CONTA XERAL       | 24 | A1/A2      | 1 | S | C. |  | AX/AE | 1/2/9 |  |   | 14.150,24 |
| XEFE SECCIÓN CONTAB E OPER. NON PRESUPOST. | 24 | A1/A2      | 1 | S | C. |  | AX/AE | 1/2/9 |  |   | 14.150,24 |
| XEFE NEGOC.CONT.FINANC. E PRESUPOST.       | 22 | A2/C1      | 1 | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |   | 9.444,99  |
| XEFE NEGOC. REC.MUNIC.E CONTA XERAL        | 22 | A2/C1      | 1 | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |   | 9.444,99  |
| XEFE NEGOC. CONT.ANAL. E PATRIMONIAL       | 22 | A2/C1      | 1 | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |   | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO FACTURAS                    | 22 | A2/C1      | 1 | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |   | 9.444,99  |
| TÉCNICO XESTIÓN ECONÓMICA-FINANCEIRA       | 21 | A2         | 1 | N | C. |  | A.E.  | 2     |  |   | 7.743,72  |

|   |    |       |    |   |    |  |       |       |  |                        |           |
|---|----|-------|----|---|----|--|-------|-------|--|------------------------|-----------|
| ADMINISTRATIVO<br>ADMÓN. XERAL                  | 19 | C1    | 6  | N | C. |  | A.X.  | 3     |  |                        | 6.364,27  |
| <b>FISCALIZACIÓN</b>                            |    |       |    |   |    |  |       |       |  |                        |           |
| XEFE SERVIZO                                    | 28 | A1    | 1  | S | C. |  | AX/AE | 10    |  | ESPECIAL<br>DEDICACIÓN | 27.699,65 |
| XEFE SECCIÓN 1                                  | 24 | A1/A2 | 1  | S | C. |  | AX/AE | 1/2/9 |  |                        | 14.150,24 |
| XEFE SECCIÓN 2                                  | 24 | A1/A2 | 1  | S | C. |  | AX/AE | 1/2/9 |  |                        | 14.150,24 |
| XEFE NEGOCIADO<br>(RECURSOS PROPIOS)            | 22 | A2/C1 | 1  | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |                        | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO<br>F.PERSOAL                     | 22 | A2/C1 | 1  | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |                        | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO<br>F.PLANS                       | 22 | A2/C1 | 1  | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |                        | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO I<br>(REC.OUTROS ENTES<br>PÚBL.) | 22 | A2/C1 | 1  | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |                        | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO F.<br>SUBVEN.                    | 22 | A2/C1 | 1  | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |                        | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO F.<br>CONVEN.                    | 22 | A2/C1 | 1  | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |                        | 9.444,99  |
| TÉCNICO XESTIÓN<br>ECON.-FINANCEIRA             | 21 | A2    | 1  | N | C. |  | A.E.  | 2     |  |                        | 7.743,72  |
| TECNICO XESTIÓN<br>TRIBUTARIA                   | 21 | A2    | 1  | N | C. |  | A.E.  | 2     |  |                        | 7.743,72  |
| TÉCNICO XESTIÓN<br>ADMÓN. XERAL                 | 21 | A2    | 2  | N | C. |  | A.X.  | 9     |  |                        | 7.743,72  |
| ADMINISTRATIVO<br>ADMÓN. XERAL                  | 19 | C1    | 14 | N | C. |  | A.X.  | 3     |  |                        | 6.364,27  |
| AUXILIAR<br>ADMÓN. XERAL                        | 16 | C2    | 1  | N | C. |  | A.X.  | 4     |  |                        | 5.745,51  |

|   |    |       |   |   |      |  |       |       |  |                               |           |
|---|----|-------|---|---|------|--|-------|-------|--|-------------------------------|-----------|
| <b>INTERVENCIÓN XERAL</b>                           |    |       |   |   |      |  |       |       |  |                               |           |
| INTERVENTOR XERAL                                   | 30 | A1    | 1 | S | L.D. |  | H.N.  |       |  | Hab.Estatal<br>ESP.DEDICACIÓN | 40.663,37 |
| VICEINTERVENTOR                                     | 30 | A1    | 1 | S | L.D. |  | H.N.  |       |  | Hab.Estatal<br>ESP.DEDICACIÓN | 36.154,03 |
| INTERVENTOR<br>ADXUNTO                              | 30 | A1    | 1 | S | L.D. |  | H.N.  |       |  | Hab.Estatal<br>ESP.DEDICACIÓN | 36.154,03 |
| SECRETARIA  | 22 | A2/C1 | 2 | N | L.D. |  | A.X.  | 2/3/9 |  |                               | 9.444,99  |
|   |    |       |   |   |      |  |       |       |  |                               |           |
| <b>ORZAMENTOS E<br/>ESTUDOS<br/>ECONÓMICOS</b>      |    |       |   |   |      |  |       |       |  |                               |           |
| XEFE SECCIÓN  | 24 | A1/A2 | 1 | S | C.   |  | AX/AE | 1/2/9 |  |                               | 14.150,24 |
| XEFE NEGOCIADO                                      | 22 | A2/C1 | 1 | N | C.   |  | AX/AE | 2/3/9 |  |                               | 9.444,99  |
| ADMINISTRATIVO<br>ADMÓN.XERAL                       | 19 | C1    | 1 | N | C.   |  | A.X.  | 3     |  |                               | 6.364,27  |
| TÉCNICO XEST.ADM.<br>ESPECIAL                       | 21 | A2    | 1 | S | C.   |  | A.E.  | 9     |  |                               | 7.743,71  |
| <b>TESOURERÍA</b>                                   |    |       |   |   |      |  |       |       |  |                               |           |
| TESOUREIRO<br>PROVINCIAL                            | 30 | A1    | 1 | S | L.D. |  | H.N.  |       |  | Hab.Estatal<br>ESP.DEDICACIÓN | 38.446,49 |
| VICETESOUREIRO/A                                    | 30 | A1    | 1 | S | L.D. |  | H.N.  |       |  | Hab.Estatal<br>ESP.DEDICACIÓN | 36.154,03 |
| XEFE DE SECCIÓN DE<br>ASISTENCIA A<br>CONTRIBUÍNTES | 24 | A1/A2 | 1 | S | C.   |  | AX/AE | 1/2/9 |  |                               | 14.150,24 |
| XEFE SECCIÓN UISMT                                  | 24 | A1/A2 | 1 | S | C.   |  | AX/AE | 1/2/9 |  |                               | 14.150,24 |
| XEFE DE SECCIÓN                                     | 24 | A1/A2 | 1 | N | C.   |  | AX/AE | 1/2/9 |  |                               | 14.150,24 |

|                                  |    |       |    |   |      |      |       |       |  |  |           |
|----------------------------------|----|-------|----|---|------|------|-------|-------|--|--|-----------|
| TESOURERIA                       |    |       |    |   |      |      |       |       |  |  |           |
| XEFE NEGOCIADO CONTABILIDADE     | 22 | A2/C1 | 1  | N | C.   |      | AX/AE | 2/3/9 |  |  | 9.444,99  |
| XEFE NEGOC. DEVO-LUCIÓNS         | 22 | A2/C1 | 1  | N | C.   |      | AX/AE | 2/3/9 |  |  | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO INGRESOS          | 22 | A2/C1 | 1  | N | C.   |      | AX/AE | 2/3/9 |  | QUEBRANTO MOEDA HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA | 10.996,54 |
| XEFE NEGOCIADO INFORMAC.         | 22 | A2/C1 | 1  | N | C.   |      | AX/AE | 2/3/9 |  |  | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO UISMT             | 22 | A2/C1 | 1  | N | C.   |      | AX/AE | 2/3/9 |  |  | 9.444,99  |
| TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA       | 21 | A2    | 4  | N | C.   |      | A.E.  | 2     |  |  | 7.743,72  |
| SECRETARÍA TESOURERÍA PROVINCIAL | 22 | A2/C1 | 1  | N | L.D. |      | AX/AE | 4     |  |  | 9.444,99  |
| ADMINISTRATIVO ADMÓN XERAL       | 19 | C1    | 1  | N | C.   |      | A.X.  | 4     |  | QUEBRANTO MOEDA TRAMITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA  | 7.915,82  |
| ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL      | 19 | C1    | 1  | N | C.   |      | A.X.  | 4     |  | QUEBRANTO MOEDA                                      | 7.202,05  |
| ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL      | 19 | C1    | 13 | N | C.   |      | A.X.  | 3     |  |  | 6.364,27  |
| AUXILIAR ADMÓN. XERAL            | 16 | C2    | 1  | N | C.   |      | A.X.  | 4     |  | QUEBRANTO MOEDA                                      | 6.583,27  |
| AUXILIAR ADMÓN. XERAL            | 16 | C2    | 3  | N | C.   | A3-1 | A.X.  | 4     |  |  | 5.745,51  |
|                                  |    |       |    |   |      |      |       |       |  |  |           |

|   |    |       |   |   |      |  |       |       |  |   |           |
|---|----|-------|---|---|------|--|-------|-------|--|---|-----------|
| <b>SERVIZO PROVINCIAL DE RECADACIÓN</b> |    |       |   |   |      |  |       |       |  |   |           |
| XEFE SERVIZO                            | 28 | A1    | 1 | S | L.D. |  | AX/AE | 10    |  | ESPECIAL DEDICACIÓN   | 27.699,65 |
| RECADADOR XEFE TERRITORIAL DE ZONA      | 24 | A1    | 2 | S | L.D. |  | AX/AE | 1     |  |   | 11.503,26 |
| COORDINADOR XESTIÓN RECADATORIA         | 22 | A2/C1 | 1 | N | C.   |  | AX/AE | 2/3/9 |  |   | 14.150,24 |
| XEFE NEGOCIADO CONTABILIDADE            | 22 | A2/C1 | 1 | N | C.   |  | AX/AE | 2/3/9 |  |   | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO RECURSOS                 | 22 | A2/C1 | 1 | N | C.   |  | AX/AE | 2/3/9 |  |   | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO                          | 22 | A2/C1 | 1 | N | C.   |  | AX/AE | 2/3/9 |  |   | 9.444,99  |
| XEFE NEGOCIADO                          | 22 | A2/C1 | 1 | N | C.   |  | AX/AE | 2/3/9 |  | (OCUPADO ADMINIST.A-BORAL)<br>HABILITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA | 10.337,33 |
| XEFE NEGOCIADO XESTIÓN RECADATORIA      | 22 | A2/C1 | 1 | N | C.   |  | AX/AE | 2/3/9 |  | HABILITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA                               | 10.337,33 |
| ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL             | 19 | C1    | 1 | N | C.   |  | A.X.  | 3     |  | TRAMITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA                                | 7.078,03  |
| ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL             | 19 | C1    | 8 | N | C.   |  | A.X.  | 3     |  |   | 6.364,27  |
| AUXILIAR ADMÓN. XERAL                   | 16 | C2    | 2 | N | C.   |  | A.X.  | 4     |  |   | 5.745,51  |
| TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA              | 21 | A2    | 5 | N | C.   |  | A.E.  | 2     |  |   | 7.743,72  |
|   |    |       |   |   |      |  |       |       |  |   |           |

|                              |    |       |    |   |    |  |       |       |  |                     |           |
|------------------------------|----|-------|----|---|----|--|-------|-------|--|---------------------|-----------|
| <b>XESTIÓN TRIBUTARIA</b>    |    |       |    |   |    |  |       |       |  |                     |           |
| XEFE SERVIZO                 | 28 | A1    | 1  | S | C. |  | AX/AE | 10    |  | ESPECIAL DEDICACIÓN | 27.699,65 |
| XEFE SECCIÓN IV              | 24 | A1/A2 | 1  | S | C. |  | AX/AE | 1/2/9 |  |                     | 14.150,24 |
| XEFE SECCIÓN III             | 24 | A1/A2 | 1  | S | C. |  | AX/AE | 1/2/9 |  |                     | 14.150,24 |
| XEFE SECCIÓN II              | 24 | A1/A2 | 1  | S | C. |  | AX/AE | 1/2/9 |  |                     | 14.150,24 |
| XEFE SECCIÓN I               | 24 | A1/A2 | 1  | S | C. |  | AX/AE | 1/2/9 |  |                     | 14.150,24 |
| XEFE DE NEGOCIADO            | 22 | A2/C1 | 3  | N | C. |  | AX/AE | 2/3/9 |  |                     | 9.444,99  |
| TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA   | 21 | A2    | 7  | N | C. |  | A.E.  | 2     |  |                     | 7.743,71  |
| TÉCNICO XEST.ECON.FINAN.     | 21 | A2    | 1  | N | C. |  | A.E.  | 2     |  |                     | 7.743,71  |
| ADMINISTRATIVO ADMÓN.XERAL   | 19 | C1    | 20 | N | C. |  | A.X.  | 3     |  |                     | 6.364,27  |
| AUXILIAR ADMÓN.XERAL         | 16 | C2    | 3  | N | C. |  | A.X.  | 4     |  |                     | 5.745,51  |
| <b>INSPECCIÓN TRIBUTARIA</b> |    |       |    |   |    |  |       |       |  |                     |           |
| XEFE SERVIZO                 | 28 | A1    | 1  | S | C. |  | AX/AE | 10    |  | ESPECIAL DEDICACIÓN | 27.699,65 |
| INSPECTOR TRIBUTOS LOCAIS    | 26 | A1    | 1  | S | C. |  | A.E.  | 1     |  | ESPECIAL DEDICACIÓN | 26.548,67 |
| SUBINSPECTOR TRIBUTOS LOCAIS | 24 | A2    | 1  | S | C. |  | A.E.  | 2     |  |                     | 10.913,28 |
| TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA   | 21 | A2    | 3  | N | C. |  | A.E.  | 2     |  |                     | 7.743,71  |
| AXENTE TRIBUTARIO            | 21 | C1    | 2  | N | C. |  | A.E.  | 3     |  |                     | 8.061,46  |
| ADMINISTRATIVO               | 19 | C1    | 4  | N | C. |  | A.X.  | 3     |  |                     | 6.364,27  |

| ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO |    |    |    |   |       |  |  |  |  |                     |           |
|--------------------------------|----|----|----|---|-------|--|--|--|--|---------------------|-----------|
| ASESOR                         | 28 | A1 | 1  | E | EVENT |  |  |  |  | ESPECIAL DEDICACIÓN | 36.154,03 |
| TÉCNICO                        | 26 | A1 | 2  | E | EVENT |  |  |  |  | ESPECIAL DEDICACIÓN | 26.548,67 |
| TÉCNICO                        | 24 | A1 | 5  | E | EVENT |  |  |  |  | ESPECIAL DEDICACIÓN | 25.477,15 |
| TÉCNICO                        | 21 | A2 | 3  | E | EVENT |  |  |  |  | ESPECIAL DEDICACIÓN | 15.987,34 |
| ADMINISTRATIVO                 | 19 | C1 | 10 | E | EVENT |  |  |  |  | ESPECIAL DEDICACIÓN | 12.957,46 |
| AUXILIAR                       | 16 | C2 | 9  | E | EVENT |  |  |  |  | ESPECIAL DEDICACIÓN | 11.335,75 |
| AUXILIAR                       | 16 | C2 | 6  | E | EVENT |  |  |  |  |                     | 5.745,51  |
|                                |    |    |    |   |       |  |  |  |  |                     |           |

TITULACIÓN:

1=LICENCIADO EN DEREITO, ECONÓMICAS, POLÍTICAS OU EMPRESARIAIS, INTENDENTE MERCANTIL OU ACTUARIO.

2=DIPLOMADO EN DEREITO, ECONÓMICAS OU EMPRESARIAIS, RELACIÓNS LABORAIS OU GRADUADO SOCIAL.

3= BACHAREL, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 2º GRAO OU EQUIVALENTE.

4=GRADUADO ESCOLAR, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 1º GRAO OU EQUIVALENTE

5= CERTIFICADO ESCOLARIDADE.

6=ENXEÑEIRO INDUSTRIAL, LICENCIADO OU ENXEÑEIRO EN INFORMÁTICA, ENXEÑEIRO DE TELECOMUNICACIÓN, LICENCIADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS, PSICOLOXÍA, PSICOPEDAGOXÍA, PEDAGOXÍA, XORNALISMO, PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS, FÍSICA, MATEMÁTICAS, QUÍMICA, SOCIOLOXÍA OU CIENCIAS DO TRABALLO.

7=SOCIOLOXÍA, FILOLOXÍA INGLESA, ALEMÁ, ITALIANA OU FRANCESA, HISTORIA, XORNALISMO, DOCUMENTACIÓN, BIOLOXÍA.

8=DIPLOMADO EN DEREITO, ECONÓMICAS, EMPRESARIAIS, POLÍTICAS, INTENDENTE MERCANTIL OU ACTUARIO.

9=DIPLOMADO UNIVERSITARIO

10=LICENCIADO UNIVERSITARIO.

A3=ADMÓN. DO ESTADO, DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS E LOCAL (ART. 101 LEI 7/1985. ÚNICOS POSTOS PARA CUBRIR CON FUNCIONARIOS DAS ADMINISTRACIÓNS EXPRESADAS)

(\*\*\*) CONTÍA FIXADA POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA OS SEUS FUNCIONARIOS DOCENTES, QUE SE APLICA AUTOMATICAMENTE

**RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO- PERSOAL LABORAL- 2011**

| POSTO DE TRABAJO | GRUPO CONVENIO | DOTACIÓN | FORMA PROVISIÓN | CONVENIO COLECTIVO | TITULACIÓN | FORMACIÓN ESPECIFICA | OBSERVACIÓNS | TOTAL RETRIBUCIÓNS 2011 |
|------------------|----------------|----------|-----------------|--------------------|------------|----------------------|--------------|-------------------------|
|------------------|----------------|----------|-----------------|--------------------|------------|----------------------|--------------|-------------------------|

|  |         |   |                    |   |   |  |  |           |
|--|---------|---|--------------------|---|---|--|--|-----------|
| <b>IMPRESA PROVINCIAL:<br/>BOLETÍN OFICIAL</b>       |         |   |                    |   |   |  |  |           |
| RESPONSABLE DE FOTOCOMPOSICION                       | III.1.A | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 3 |  |  | 26.467,56 |
| RESPONSABLE FOTORREPRODUCCIÓN-IMPRESIÓN E MANIPULADO | III.1.A | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 3 |  |  | 26.467,56 |
| RESPONSABLE EDICIÓN E DESEÑO GRÁFICO                 | III.1.A | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 3 |  |  | 26.467,56 |
| OFICIAL IMPRESA F.P.                                 | III.3   | 6 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 3 |  |  | 22.090,60 |
| CORRECTOR F.P.II                                     | III.3   | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 3 |  |  | 22.090,60 |
| GRAVADOR TEXTO                                       | IV.2    | 3 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  |  | 22.366,12 |
| IMPRESOR   | IV.2    | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  |  | 22.366,12 |



|  |      |   |                    |   |   |  |  |           |
|--|------|---|--------------------|---|---|--|--|-----------|
| OFICIAL INDUSTRIAL                     | IV.2 | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  |  | 22.366,12 |
| OPERARIO<br>AUX.SERVIZOS<br>IMPRESA    | IV.6 | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  |  | 19.023,06 |
| OPERARIO AUXILIAR<br>ALMACÉN           | IV.6 | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  |  | 19.023,06 |
| <b>FOGAR INFANTIL<br/>EMILIO ROMAY</b> |      |   |                    |   |   |  |  |           |
| COCIÑEIRO/A                            | IV.5 | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | FESTIVIDADE,<br>TURNICIDADE  | 24.533,60 |
| AXUDANTE COCIÑA                        | V.6  | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | FESTIVIDADE,<br>TURNICIDADE  | 23.002,14 |
| OPERARIO/A<br>SERVIZOS VARIOS          | V.10 | 2 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  |  | 16.666,16 |
| CELADOR/A                              | V.7  | 2 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | FESTIVIDADE,<br>TURNICIDADE  | 22.703,10 |
| <b>FOGAR INFANTIL<br/>FERROL</b>       |      |   |                    |   |   |  |  |           |
| DIRECTOR/A                             | I.3  | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 1 |  | ESPECIAL<br>DEDICACIÓN.<br>HABILITACIÓN<br>DE ANTICIPOS<br>DE CAIXA FIXA | 41.976,48 |
| COCIÑEIRO/A                            | IV.5 | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  |  | 20.429,92 |
| OPERARIO/A                             | V.10 | 4 |                    | CÓDIGO:1501152  | 5 |  |  | 16.666,16 |

|  |      |   |                    |   |                |  |  |           |
|--|------|---|--------------------|---|----------------|--|--|-----------|
| SERVIZOS VARIOS                                |      |   | CONVENIO COLECTIVO | PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA.                   |                |  |  |           |
| ENCARGADO/A PORTERÍA                           | V.3  | 2 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA. | 5              |  | TURNICIDADE  | 21.226,10 |
| CELADOR/A                                      | V.7  | 3 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA. | 5              |  | TURNICIDADE (A TRANSFORMAR EN AUXILIAR EDUCADOR/A) | 20.565,02 |
| COCIÑEIRO/A                                    | IV.5 | 3 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA. | 4              |  | TURNICIDADE  | 22.474,90 |
| <b>I.E.S.PUGA RAMÓN</b>                        |      |   |                    |   |                |  |  |           |
| PROFESOR ENSINO SECUNDARIO                     | I.2  | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA. | LIC SUP É-PEC. |  |  | 30.309,58 |
| MOZO/A SERVIZO AXUDANTE                        | V.2  | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA. | 5              |  |  | 20.826,82 |
| <b>CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA</b>      |      |   |                    |   |                |  |  |           |
| OPERARIO/A AUX.SERVIZOS CONSER.DANZA           | IV.6 | 1 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA. | 4              |  |  | 19.023,06 |
| <b>CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO</b> |      |   |                    |   |                |  |  |           |
| COCIÑEIRO/A                                    | IV.5 | 2 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA. | 4              |  | FESTIVIDADE<br>TURNICIDADE<br>1RD 781,<br>ART 169  | 24.533,60 |
| OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS                     | V.10 | 2 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA         | 5              |  | 1RD 781,   | 16.666,16 |

|  |      |   |                       |   |   |  |                            |           |
|--|------|---|-----------------------|---|---|--|----------------------------|-----------|
|  |      |   |                       | CORUÑA.   |   |  | ART 169                    |           |
| AXUDANTE COCIÑA  | V.6  | 2 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | FESTIVIDADE<br>TURNICIDADE | 23.002,94 |
| <b>SERVIZOS XERAIS<br/>CENTRO EDUCATIVO<br/>CALVO SOTELO</b> |      |   |                       |   |   |  |                            |           |
| A.T.S.   | II.3 | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 2 |  |                            | 27.277,10 |
| SERENO   | V.4  | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | NOCTURNIDADE               | 21.970,20 |
| TELEFONISTA  | V.5  | 2 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | TURNICIDADE                | 20.925,94 |
| ORDENANZA  | V.8  | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | RATEO<br>NOCTURNIDADE      | 17.836,70 |
| ORDENANZA  | V.8  | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | TURNICIDADE                | 19.434,66 |
| <b>ENXEÑERÍA E<br/>MANTEMENTO</b>                            |      |   |                       |   |   |  |                            |           |
| TÉCNICO DE SON   | IV.3 | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  |                            | 21.199,64 |
| OFICIAL OPERARIO/A<br>SERVIZOS.                              | IV.3 | 3 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  |                            | 21.199,64 |
| OFICIAL<br>CARPINTERÍA                                       | IV.4 | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  |                            | 20.566,00 |
| OFICIAL<br>MANTEMENTO  | IV.4 | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL                             | 4 |  |                            | 20.566,00 |

|   |         |   |                       |   |   |  |  |           |
|---|---------|---|-----------------------|---|---|--|--|-----------|
|   |         |   |                       | DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA.                                      |   |  |  |           |
| OPERARIO AGRÍCOLA<br>ENCARGADO            | V.6     | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | EXPLOTACIÓN<br>AGRÍCOLA.<br>EN EXTINCIÓN | 18.725,98 |
| OPERARIO AGRÍCOLA<br>(PEÓN)               | V.9     | 2 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | EXPLOTACIÓN<br>AGRÍCOLA.<br>EN EXTINCIÓN | 17.354,96 |
| <b>BIBLIOTECA<br/>PROVINCIAL</b>          |         |   |                       |   |   |  |  |           |
| AXUDANTE ARQUIVO-<br>BIBLIOTECA           | II.3    | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 2 |  |  | 27.004,80 |
| ADMINISTRATIVO                            | III.3   | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 3 |  |  | 22.090,60 |
| SUBALTERNO                                | V.8     | 3 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  |  | 17.296,72 |
| OPERARIO/A AUX.<br>SERVIZOS<br>BIBLIOTECA | IV.6    | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  |  | 19.023,06 |
| SUBALTERNO                                | V.8     | 3 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | TURNICIDADE                              | 19.434,66 |
| <b>PAZO DE MARÍNAN</b>                    |         |   |                       |   |   |  |  |           |
| GOBERNANTA                                | III.1.B | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 3 |  | RESIDENCIA<br>CULTURAL.<br>TURNICIDADE   | 26.531,82 |
| COCIÑEIRO/A                               | IV.5    | 1 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  | RESIDENCIA<br>CULTURAL                   | 20.429,92 |
| CAMAREIRO/A                               | V.6     | 1 | CONVENIO              | CÓDIGO:1501152  | 5 |  | RESIDENCIA                               | 20.864,06 |

|   |         |    |                       |   |   |  |  |           |
|---|---------|----|-----------------------|---|---|--|--|-----------|
|   |         |    | COLECTIVO             | PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA.                   |   |  | CULTURAL.<br>TURNICIDADE               |           |
| CAMAREIRO/A                                 | V.6     | 1  | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | RESIDENCIA<br>CULTURAL                 | 18.725,98 |
| AXUDANTE COCIÑA                             | V.6     | 1  | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 5 |  | RESIDENCIA<br>CULTURAL.<br>TURNICIDADE | 20.864,06 |
| <b>SERVIZO VÍAS E<br/>OBRAS</b>             |         |    |                       |   |   |  |  |           |
| AUXILIAR TÉCNICO<br>TOPOGRAFÍA              | IV.6    | 2  | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 4 |  | ESPECIAL<br>DEDICACIÓN                 | 24.660,02 |
| <b>SERVIZO PROVINCIAL<br/>DE RECADACIÓN</b> |         |    |                       |   |   |  |  |           |
| RECADADOR                                   | I.1     | 2  | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 1 |  |  | 34.341,44 |
| OFICIAL MAIOR<br>RECADACIÓN                 | III.1.B | 5  | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 3 |  |  | 24.480,26 |
| OFICIAL 1ª<br>RECADACIÓN                    | III.3   | 10 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 3 |  |  | 22.090,60 |
| OFICIAL 2ª<br>RECADACIÓN                    | III.4   | 23 | CONVENIO<br>COLECTIVO | CÓDIGO:1501152<br>PERSOAL LABORAL<br>DEPUTACIÓN DA<br>CORUÑA. | 3 |  |  | 21.461,72 |

TITULACIÓN:

1= LICENCIADO UNIVERSITARIO

2=DIPLOMADO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE

3=BACHAREL, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 2º GRAO OU EQUIVALENTE

4=GRADUADO ESCOLAR, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 1º GRAO OU EQUIVALENTE

5=CERTIFICADO ESCOLARIDADE

## **6.- FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DO CASCO HISTÓRICO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio de recuperación do casco histórico do Concello de Santiago de Compostela que substitúe ao formalizado o 19 de xaneiro de 2010, sen que varíe o orzamento do convenio (106.761,63) inicial nin a achega (85.409,30) nin a porcentaxe de financiamento da Deputación aprobado polo Pleno que é do 80,00% con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/46201. No suposto de que o Concello teña débedas coa Deputación no momento de recoñecemento da obriga e pagamento, procederáse á súa compensación.

Todo isto condicionado á aprobación do correspondente expediente de modificación de créditos no orzamento do exercicio do 2011, ao tratarse dun remanente de crédito non incorporable.”

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO PARA FINANCIAR A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DO CASCO HISTÓRICO**

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. Xosé Antonio Sánchez Bugallo, alcalde-presidente do Concello de Santiago

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### **MANIFESTAN**

Que o 19 de xaneiro de 2010 con número 1 se formalizou un convenio para o financiamento de redacción de proxectos de recuperación do casco histórico aprobado por Resolución de Presidencia 272 do 30 de decembro de 2009 no cal se establecía:

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago CIF P1507900G, para o financiamento

da redacción dos proxectos do casco histórico (consistente na recuperación do casco histórico nos seguintes ámbitos: parque urbano das Horas, PU-20; rúa do Carme de Abaixo; campo de San Antonio; rúa da Trisca; zona verde (V-33) da unidade de execución da Trisca (U-10); aparcamento público na U-10 da Trisca; rúa do Hospitaliño; rúa Loureiros

## **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE PARA REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA**

O Concello de Santiago levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| <b>CONCEPTO</b>  | <b>IMPORTE</b>    |
|--|-------------------|
| PARQUE URBANO DAS HORTAS PU-20                               | 14.654,86         |
| RÚA DO CARME DE ABAIXO                                       | 11.787,34         |
| CAMPO DE SANTO ANTONIO                                       | 8.206,44          |
| RÚA DA TRISCA  | 4.346,17          |
| ZONA VERDE ( V-33) DA UNIDADE DE EXECUCIÓN DA TRISCA ( U-10) | 7.788,8           |
| APARCAMENTO PÚBLICO NA U-10 DA TRISCA                        | 7.683,84          |
| RÚA DO HOSPITALIÑO   | 32.585,9          |
| RÚA DOS LOUREIROS  | 19.708,28         |
| <b>TOTAL</b>   | <b>106.761,63</b> |

O día 21-6-2010 e 8 -10-2010 o Concello de Santiago de Compostela solicita que se modifiquen os ámbitos e traballos relativos á subvención concedida ao Concello de Santiago para a execución de diversos estudos e proxectos de “Recuperación do casco histórico” sen variación do financiamento aprobado no citado convenio.

A vista desta petición e dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Santiago ambas as dúas partes

### **A C O R D A N**

Subscribir un novo convenio que deixa sen efecto o asinado o 19 xaneiro de 2010 conforme ás seguintes cláusulas

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago CIF P1507900G, para o financiamento da redacción dos proxectos do casco histórico (consistente na recuperación do casco histórico nos seguintes ámbitos: parque urbano das Hortas, PU-20 (zona Hortas); rúa da

Trisca; zona verde (V-33) da unidade de execución da Trisca (U-10); aparcamento público na U-10 da Trisca; rúa do Hospitaliño; rúa Loureiros; zona recinto intramuros: -acceso a praza de San Fiz, -varanda de San Francisco; zona Hortas: -rúa Carretas, -parque urbano das Hortas, PU-20; zona San Roque: -praza de San Roque, -porta da Pena; zona San Francisco: -rúa San Francisco

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello de Santiago levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

|  | CONVENIO          | PROPOSTA DE MODIFICACIÓN |
|--|-------------------|--------------------------|
| <b>ZONA HORTAS</b>                     |                   |                          |
| <b>ESTUDOS XERAIS PREVIOS</b>          |                   |                          |
| ESTUDO PAIXAXÍSTICO                    |                   | 5.000,00                 |
| ESTUDO INSTALACIÓNS                    |                   | 4.000,00                 |
| <b>ÁMBITOS CONCRETOS</b>               |                   |                          |
| RÚA CARRETAS                           |                   | 13.000,00                |
| PU-20 PARQUE DAS HORTAS                | 14.654,86         | 13.000,00                |
| <b>ZONA CRUCEIRO DO GAIO</b>           |                   |                          |
| RÚA DO CARME DE ABAIXO (OBLATAS)       | 11.787,34         |                          |
| <b>ZONA BELVÍS</b>                     |                   |                          |
| CAMPO DE SANTO ANTONIO                 | 8.206,44          | 6.500,00                 |
| RÚA DA TRISCA                          | 4.346,17          |                          |
| V-33:U-10 DA TRISCA                    | 7.788,80          |                          |
| APARCAMENTO U-10                       | 7.683,84          |                          |
| <b>ZONA SAN ROQUE</b>                  |                   |                          |
| <b>ESTUDOS XERAIS PREVIOS</b>          |                   |                          |
| MEMORIA HISTÓRICA                      |                   | 8.000,00                 |
| ESTUDO PAISAXÍSTICO                    |                   | 2.500,00                 |
| ESTUDO INSTALACIÓNS                    |                   | 4.500,00                 |
| <b>ÁMBITOS CONCRETOS</b>               |                   |                          |
| PRAZA DE SAN ROQUE, RÚA DO HOSPITALIÑO | 32.585,90         | 11.000,00                |
| RÚA DOS LOUREIROS ( PORTA DA PENA)     | 19.708,28         | 13.000,00                |
| <b>ZONA SAN FRANCISCO</b>              |                   |                          |
| <b>ESTUDOS XERAIS PREVIOS</b>          |                   |                          |
| MEMORIA HISTÓRICA                      |                   | 5.000,00                 |
| ESTUDO PAISAXÍSTICO                    |                   | 1.500,00                 |
| ESTUDO INSTALACIÓNS                    |                   | 3.500,00                 |
| <b>ÁMBITOS CONCRETOS</b>               |                   |                          |
| RÚA CASTIÑEIRAS                        |                   | 16.261,63                |
| <b>TOTAL</b>                           | <b>106.761,63</b> | <b>106.761,63</b>        |



### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 85.409,30 €, o que representa unha porcentaxe do 80%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% (tanto por cento, con dous decimais), da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao Concello de Santiago o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Santiago axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Consonte co disposto na Base 56 das de execución do orzamento para o ano 2010, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- .1 Certificación do acordo de adxudicación definitiva dos contratos de servizos de redacción dos proxectos para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- .2 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- .3 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Rematada completamente a realización da actividade, aboarase o 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Informe favorable de supervisión dos proxectos emitidos polos servizos técnicos municipais.
- 2.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 3.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 4.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.-Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.  
Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O Concello de Santiago deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante unha declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O Concello de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54<sup>a</sup> das de execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres

meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA O MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2010 e conservará a súa vixencia ata o día dous de novembro de dous mil once.

2. Tras a solicitude do Concello de Santiago, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Santiago, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

|   |                                     |
|---|-------------------------------------|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE |
| Salvador Fernández Moreda                       | Xosé Antonio Sánchez Bugallo        |

#### **7.-SUBSTITUCIÓN DA PROPOSTA INICIAL DO OBXECTO DO CONVENIO CO CONCELLO DE ARES PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA EMBARCACIÓN CON MOTOR PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL POLA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA UN PARQUE PARA EN REDES (ARES).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a substitución da proposta inicial do obxecto do convenio co Concello de Ares para financiar a adquisición dunha embarcación con motor para o servizo municipal de protección civil pola adquisición de equipamento para un parque para tod@s en Redes (Ares) e o texto do convenio onde se modifica o orzamento para financiar, que pasa de 18.299,99 euros a 19.667,48 euros, e o coeficiente de financiamento que pasa do 100% ao 93,05%.”

**8.-APROBACIÓN DA PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO CO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE INSTALACIÓN DE TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume correspondente á subvención nominativa destinada á instalación de terreo de xogo de herba artificial no campo de fútbol municipal por un importe de 345862,07 euros e un novo coeficiente de financiamento do 98,30%, sen que supoña ningunha variación da achega provincial (340000,00 euros).”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DA “INSTALACIÓN DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL”**

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda.

E doutra parte, o Sr. Gabriel Torrente Piñeiro, alcalde-presidente do Concello de Pontedeume.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Pontedeume ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pontedeume con CIF P1507000F, para o

financiamento da obra de “INSTALACIÓN DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL”, tal como aparece definida esta no proxecto de execución, redactado por Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos con núm. de colexiado 3871.

O CONCELLO DE PONTEDEUME, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase co seguinte xeito:

|                                      |           |
|--------------------------------------|-----------|
| P. E.M:                              | 246305,42 |
| GASTOS XERAIS                        | 32019,70  |
| BENEFICIO INDUSTRIAL                 | 14778,33  |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO       | 52758,62  |
| PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA | 345862,07 |

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 340000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 98,30%

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 98,30%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao se cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.



5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Pontedeume obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE PONTEDEUME o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE PONTEDEUME axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, O CONCELLO DE PONTEDEUME estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2010, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol da CONCELLO DE PONTEDEUME pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

O CONCELLO DE PONTEDEUME estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar unha fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Finalizada completamente a obra, aboarase o 40 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE PONTEDEUME, no que se fará constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE PONTEDEUME na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e

correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE PONTEDEUME terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE PONTEDEUME deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibise ningunha xustificación, a unidade xestora enviaralle un requirimento á ENIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE PONTEDEUME da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na [Base 55.6ª](#) das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DE PONTEDEUME deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE PONTEDEUME destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE PONTEDEUME poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE PONTEDEUME queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na [Base 55.6](#) das de execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE PONTEDEUME serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE PONTEDEUME será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 10 de novembro do 2011.

2. Logo da solicitude do CONCELLO DE PONTEDEUME, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e tras os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE PONTEDEUME, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA  
Salvador Fernández Moreda

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE PONTEDEUME  
Gabriel Torrente Piñeiro

**9.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BERGONDO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

## INTERVENCIONES

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente. O Grupo Popular, para facer máis áxil o debate desta sesión plenaria vai votar afirmativamente do punto número 9 ao punto número 18, que son todas aceptacións de ampliación de delegacións.

Sr. Presidente

O voceiro do Grupo Popular di que vai votar favorablemente todos estes puntos e agrupámoslos para a votación, son todos, como el di, ampliación de delegación de competencias tributarias de diversos concellos da provincia.

### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Bergondo en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**10.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BOIMORTO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Boimorto en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral, taxa regulada no Ordenanza fiscal do Concello de Boimorto núm. 13 publicada no BOP núm. 294 do 24/12/2008.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**11.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Boqueixón en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto da delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**12.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CEE EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**



Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cee en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto da delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

### **13.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CERDIDO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cerdido en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto da delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**14.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CESURAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cesuras en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos e subministración de interese xeral.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**15.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CULLEREDO EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Culleredo en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**16.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIONES DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MESÍA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Mesía en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto da delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**17.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIONES DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MOECHE EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Moeche en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto da delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**18.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VIMIANZO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Vimianzo en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**19.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE A FISCALIZACIÓN POSTERIOR FEITA AOS RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2009: ALTAS E BAIXAS SOBRE O IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA (IU), BONIFICACIÓN SOBRE O IMPOSTO DE BENS INMOBLES SOBRE NATUREZA URBANA (IU), IMPOSTO DE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (IIVTNU) E DECLARACIÓN DE FALIDOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior feita aos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2009, na aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da Base 32 das de execución do presuposto para o exercicio 2009 e da Resolución da Presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro modificada pola Resolución núm. 10.157/2007 do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Informar do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación.”

## **20.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE A FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS EXPEDIENTES RELATIVOS ÁS LIQUIDACIÓNS DE DIVERSOS CONCEPTOS CORRESPONDENTES AO ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EFECTUADAS DURANTE O EJERCICIO 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior feita aos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2009, na aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da Base 32 das de execución do presuposto para o exercicio 2009 e da Resolución da Presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro modificada pola Resolución núm. 10.157/2007 do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar informados do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación.”

## **21.-ORZAMENTO XERAL PARA O EJERCICIO 2011 E BASES DE EJECUCIÓN.**

### INTERVENCIÓN

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, bos días a todos e a todas. Sempre coa filosofía de gastar menos para facer máis e mellor, traemos á consideración desta cámara provincial o orzamento inicial, o orzamento preventivo, do exercicio

2011. Un orzamento que, se nos detraemos a hai un ano, digamos que aquel refrán popular que eu facía aquí, referido á vendima e á súa preparación na miña comarca das Mariñas betanceiras, na nosa comarca das Mariñas betanceiras, é que os “cestos e as palletas fanse cos vimbios dos que dispomos” dicía eu naquel momento, e case podemos reproducir porque neste orzamento inicial foi confeccionado durante uns meses cunha serie de economías das que temos disposición, das que consideramos neste momento necesarias para facer este orzamento que eu definiría nun principio de austero, realista e solidario, e que produce unha diminución con relación ao exercicio pasado do 1,94%, é dicir, preto de tres millóns e medio de euros.

Pero se este orzamento é máis baixo, ao longo da intervención, que procuraremos non ser moi “abondosa”, senón que vai ser o máis breve e sintética posible, trataremos de xustificar por que baixa este orzamento.

A finais do ano 2008 comezan a manifestarse unha serie de drásticas consecuencias, con motivo da crise económica que afecta a nivel internacional, a nivel global e que afecta a todos os sectores e a todos os axentes económicos. Nestes días estamos a ver unha serie de dificultades que están a pasar países como Irlanda e que aquí en España neste momento, de momento, estamos con forza para manter esta crise que é intensa, duradeira e singular. Digamos que é intensa, duradeira e, sobre todo, singular, porque hai que tomar medidas a nivel internacional, medidas a través da Unión Europea, medidas de competencias estatais, autonómicas, locais ou mesmo de tipo familiar, de tipo doméstico. Por iso as administracións públicas temos que ser moi conscientes de que os ingresos, moitas veces, e o gasto ten que ser moi comedido. O ingreso, tendo en conta as dificultades económicas, dado que a Deputación é unha institución con dependencia financeira, e que proveñen no seu parte de transferencias do Estado, da Unión Europea e minimamente da Xunta de Galicia. Por iso, alguén afirmou que non estamos nunha era de cambios, senón nun cambio de era, e este cambio de era debe de facerse con rigor desde todos os puntos de vista. Con rigor e porque no exercicio 2009 e nos posteriores prodúcese unha redución significativa dos ingresos nas administracións públicas, que non vou dicir aquí pormenorizadamente, pero os que somos municipalistas estamos a ver que as transferencias do Estado mantéñense considerablemente, concretamente esta Deputación recibe do Estado transferencias maiores que noutro momento, pero ocorre que temos que facer unhas devolucións do peche do exercicio 2008 porque, sen dúbida, e como todos sabemos, as liquidacións foron negativas, e no ano 2009, cando se produza a súa liquidación, veremos que aínda estaremos nunha situación peor. Con isto non quero ser catastrofista, senón que quero ser realista, e os números están aí, e aos números temos que darlle o tratamento que temos que darlle. Nós o que temos que facer é traballar de forma coordinada, consensuada, con moito diálogo, para que o Estado do benestar, o principal motor e alicerce dunha sociedade que os investimentos produtivos son un dos eixes destes orzamentos, se manteña e mesmo se equipare co que tiñamos ata agora.

Non debemos de esquecernos tampouco que o ano 2011, o ano que vai empezar este presuposto inicial que estamos a debater aquí, é o último período deste mandato, do período representativo. En consecuencia quero facer tres ou catro reflexións de

como foron estes anos en nome do equipo de goberno. En primeiro lugar quero dicir que o tres grupos actuaron, ou actuamos, de forma exemplar e de forma responsable. Quero agradecer, en nome do equipo de goberno, ao Grupo Provincial do Partido Popular a súa actuación responsable, de consenso e de diálogo que mostrou ao longo de todo este período representativo na Deputación da Coruña, sen dúbida, porque practicamente non houbo ningún voto en contra, porque se fixo un diálogo fluído e profundo, e isto é unha chamada de atención tamén para outras administracións, porque temos que estar os grupos políticos ante momentos difíciles de crise económica moi unidos para defendernos do forte temporal ao que estamos sometidos. Por tanto, o agradecemento ao tres grupo e, en particular, en nome do equipo de goberno, ao Grupo do Partido Popular.

En todo momento tratouse de buscar que os servizos aos cidadáns fosen mellores, que chegasen a todos os lugares, algunhas veces con competencias impropias desta institución, como fan moitos concellos, que teñen competencias impropias e que non teñen as economías suficientes, por que?, porque falta a segunda descentralización da constitución. Primeiro descentralizouse no Estado das autonomías, e o Estado das autonomías, as 17 autonomías máis as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, teñen agora que facer a descentralización de cara aos concellos que, tanto os concellos como a Deputación, como administracións locais, estamos a facer competencias de tipo impropias.

Digo que tamén é importante o servizo de recadación, de xestión tributaria e catastral que se puxo en marcha de cara aos concellos neste exercicio no que estamos, e no próximo desenvolverase a Unidade para as sancións de tráfico que se lle xestionen aos concellos. Está a traballarse tamén na taxa do chamado 1,5%, que indubidablemente se consideraron algúns aspectos aprobados neste Pleno nese bloque que votamos favorablemente todos os grupos.

Modificáronse as bases do POS sen alterar os seus parámetros, é dicir, o esforzo fiscal, a poboación, a superficie, o número de dispersión poboacional, o número de parroquias, dándolle a facilidade aos concellos de dotar o 50%, destinalo a gasto corrente, e o resto a investimentos se así o estimase.

Tratouse indubidablemente de temas para facer aforro enerxético a través do problema PEACE, que se fixo unha auténtica auditoría provincial en 82 concellos desta. De cara ao persoal aprobouse un Plan de emprego que finalizou o 2009, 2006-2009, que quero indicar que aínda que está a finalizar temporalmente, quedan focos que tratar, atallar e cumprir e que trataremos de seguir negociando coas entidades sindicais das distintas mesas de negociación.

Así mesmo, deseñouse un Plan de seguridade, de seguridade viaria a través de investimentos no VIP, das sendas peonís, e no Plan de travesías, e modernizouse a administración provincial e tamén a administración local, a través da implantación da administración electrónica.

Destacar tamén aquilo que unha vez o presidente dixo que non quería para ter nun libro na Biblioteca, o Plan estratéxico provincial. O Plan estratéxico provincial que se inicia no ano 2007 e que terá punto final no ano 2013, dependendo das circunstancias económicas da Unión Europea, que hoxe están en debate por se Galicia segue sendo obxectivo 1 ou non, ou se o comparte cunha eurorexión, Galicia-norte de Portugal, pero que si se levaron a efecto programas compartidos cos concellos nos que teño que destacar o Proxecto Mandeo, que abarca 10 concellos da conca da bacía dos ríos Mendo e Mandeo e onde se están elaborando, non soamente recuperar desde o punto de vista ambiental toda esta conca, senón que se lle está tratando de dar un desenvolvemento, unha racionalización, para que todos os recursos económicos sexan máis viables e achegar os cidadáns á natureza, a través de distintas sendas, de centros de interpretación, e da valoración gastronómica que ten esa comarca, e que ten o noso país galego.

En fin, unha serie de acordos froito do traballo, froito da negociación, froito do consenso e froito dese diálogo fluído que existiu entre os grupos, e que eu chamo sempre a que siga e que se manteña e que se traslade a outras institucións.

Un orzamento cando se presenta é o feito, posiblemente, máis importante dunha institución, é o feito político máis importante que presentamos e que, aínda que aparecen con números, dígitos fríos, detrás del existe unha carga de filosofía que eu manifestei ao comezo da miña intervención, que vén ser a expresión económica-política do equipo de goberno da institución provincial, diría eu, e que vai destinada a lograr e mellorar os servizos de cara aos cidadáns, que son os destinatarios destas últimas actuacións porque nós estamos aquí xestionando os seus impostos, e temos que xestionalos ben, atinadamente, con erros, si, pero cando se produza un erro hai que rectificar, corrixir de inmediato e actuar de forma áxil, obxectiva e solidaria. É evidente que se busca a máxima austeridade no orzamento, unha austeridade que se manifesta en distintas facetas que son moi concretas.

En primeiro lugar, a Corporación provincial, de acordo co Real decreto, e que xa viña facendo desde o ano 2008, mantivo a conxelación dos seus soldos e baixa o do presidente un 10%, os deputados que temos dedicación exclusiva un 9% e os gastos de asistencia do resto dos deputados ás sesións, un 5%. A isto temos que engadir que esta Corporación mantivo neutros os ingresos desde o ano 2008, é dicir, o 2% máis o 2%, máis o 0,3%, por tanto a rebaixa é dun 13,3%. Tamén me quero referir neste caso aos funcionarios, aos cales se lles aplicou o Real decreto e eles están a ser tamén solidarios con esta crise económica pero tamén doutra banda que saiban os funcionarios, como así se expuxo nas distintas mesas de negociación, que os aspectos de tipo social, acción social, mantéñense, refirome a bolsas, refirome a adiantos dos soldos, refirome a axudas para compra de vivendas, e refirome tamén á reclasificación e promoción interna, a eses flocos que quedan pendentes do Plan de emprego, que se tratarán de axilizar e buscar unha pauta para eles. Dentro desa austeridade tamén se reducen os gastos de representación, de publicidade e de propaganda, non de publicidade institucional, senón de publicidade en xeral, que tiña unha partida concreta de 600.000 euros e báixase a 400.000, o que representa unha baixada do 33,33% deste. E todos os



programas de gasto corrente, e non temos que terlle medo ao gasto corrente, porque o que é hoxe investimento mañá ten que haber mantemento e conservación, e ten que haber gasto corrente forzoso nas institucións, non temos que ter medo ao gasto corrente. Pero o que si hai que telo controlado como se fai nesta deputación para priorizar os investimentos, as transferencias, as subvencións a asociacións, a entidades, ao Consorcio Provincial de Bombeiros, etc. E a pesar desa austeridade a que me refería, o programa estrela desta Deputación, que é o Plan de cooperación ás obras e servizos, mantense na mesma contía que no exercicio pasado, 24.200.000 euros, isto quere dicir que esta Deputación trata de seguir sendo aínda máis concello de concellos, e se as cousas van rodando satisfactoriamente no próximo exercicio trataremos de facer programas anticrise, como se fixeron neste exercicio 2010.

E por que nos preocupamos dos investimentos produtivos?, porque os investimentos produtivos son os que producen, entre outras cousas, traballo, os que xeran emprego e estamos como principal problema desta crise económica que falaba e diagnosticaba no inicio da miña intervención, co problema do paro como noutros países, pero se cabe en España máis por distintas razóns, as cales non vou engadir, pero que sen dúbida é coñecido por todos o tema do ladrillo, o tema das crises financeiras que aparecen no ano 2008 e outros factores, digamos, secundarios, pero que axudan a esta crise económica.

A incorporación de novas tecnoloxías ás que me refería antes, tanto a nivel provincial como a nivel local, tamén constitúen un aspecto das características. E dicía que era un orzamento solidario, porque é un orzamento solidario, non só con todos os concellos, sen distinción de cor política, senón a través de políticas de tipo social, de ter os servizos sociais aí coa mesma contía, hoxe non nos acompaña o deputado de Servizos Sociais, o Sr. Sande, pero cónstame que o seu traballo esforzado neste apartado é importante, nas fundacións, nos concellos, de cara aos órganos, a distintas ONG, organizacións non gobernamentais, que estamos a colaborar aquí en goteo, Pleno a Pleno con elas, e que hai que seguir mantendo, porque o están pasando francamente mal, e cos nosos conveciños que tiveron que ir á emigración nas comunidades galegas no exterior. Todo iso mantense, e todo iso, eu creo que é unánime o clamor do tres grupos de que é algo importante e de que é algo que temos que ver no futuro.

Xa resumindo, os investimentos, os programas, as actuacións, teñen as Sras. e os Sres. Deputados unha documentación que se lle traslada ao comezo do Pleno, representan máis de 117 millóns de euros, un 66,85% do orzamento total, que quere dicir isto?, que de cada 100 euros, preto de 67 van dirixidos a investimentos, a mellorar os servizos, a transferencias correntes e de capital aos concellos, ao fomento do emprego, que quero incidir moito, e que aquí todas as administracións somos corresponsables do mesmo, non só a Administración central, senón todas as administracións somos corresponsables de achegar o noso gran de area. E cabe subliñar tamén que serán os cidadáns, sen dúbida, os receptores de todas estas economías. Quero facer un par de reflexións e falar do calendario porque tamén é importante as formas ao que se chega a este orzamento, existen as formas e existe un fondo, e eu creo que as formas sempre temos que mantelas.

Resulta evidente, como dicía anteriormente, que tras as cifras, tras os díxitos, hai unha filosofía económico-política onde se busca como finalidade a mellora dos concellos e, por suposto, a mellora dos servizos dos cidadáns da nosa provincia. Volvo reiterar o agradecemento neste caso ás achegas que fixo o Grupo Popular que senón todas ao cen por cento, moitas delas están recollidas neste orzamento, e quero agora dicirlles a todos os funcionarios da casa, e dunha maneira moi especial aos de Presupostos e Estudos Económicos, que estiveron a traballar moitísimo neste orzamento, neste Orzamento provincial. A nivel de forma está presentado en tempo e forma, a idea do equipo de goberno é que entre en vigor o 2 de xaneiro, dado que o día 1 é festivo, e conta con todos os documentos que é necesario que se xunten a el, os informes preceptivos que marca a lexislación, o texto refundido da Lei de bases de réxime local, a memoria da Presidencia, os detalles numéricos, o informe da Intervención, que é un informe favorable, fala da estabilidade orzamentaria desta institución, o anexo de investimentos e todos aqueles, o informe económico financeiro dos primeiros meses de ano, como vai a súa execución orzamentaria, e as Bases de execución do orzamento que conforman e danlle a forma, digamos a filosofía. E con respecto ao calendario houbo unha comunicación fluída co tres grupos políticos, do Partido Popular, do Bloque Nacionalista e do Grupo Socialista, houbo unha comunicación fluída que culmina o 12 de novembro, entregando un anteproxecto, celebrouse a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas o día 23, e hoxe estamos aquí para facer o debate, se procede, e aprobar inicialmente este documento inicial, documento preventivo, de cara ao exercicio que vén.

Voume referir moi brevemente aos ingresos e aos gastos para finalizar cunhas conclusións. En primeiro lugar os ingresos dixen que baixaban un -1,94%, a diminución merece ser reflectida en tres aspectos: primeiro a menor apelación ao crédito, pasamos de 12 millóns a 9 millóns, por que motivo?, porque hai que pensar no futuro e hai que pensar en que as corporacións que veñan non poden ter endebedamentos esaxerados, como pasou nesta institución nalgún período que eu creo que foi algo irresponsable. Así mesmo, minguan as transferencias de capital, e por que minguan as transferencias de capital? Porque a Administración central non nos remite as transferencias de capital suficientes, e que vaia a crítica cara á Administración central, e por que? tamén, porque o Fondo Feder, Fondo de Desenvolvemento Rexional do Proxecto Mandeo chega no último período e aquí hai unha baixada de 4,7 millóns de euros, máis ou menos. E en terceiro lugar porque existen menos ingresos patrimoniais, por xuros, por xuros de depósitos, porque a Deputación o que está a facer é incrementar as transferencias en materia recadatoria a todos aqueles concellos que delegaron a súa ampliación ata o 2022, e pasouse ao 90%. Este é un tema importante porque cada concello sabe que vai recibir puntualmente cada mes unha cantidade dunha entrega a conta que significa o 90% do liquidado do exercicio anterior por esa recadación, cunha liquidación provisional no mes de decembro e unha definitiva no primeiro trimestre do ano, segundo un convenio asinado cos concellos. Creo que isto é un tema importante e é unha razón de ser da Deputación como órgano intermedio. Así mesmo, teño que dicir que as participacións dos tributos do Estado aumentan, aumentan un 8,8% de forma xenérica, sendo as transferencias do Estado, tanto desde o punto de vista absoluto como

desde o punto de vista relativo, as máis cuantiosas, pero atopámonos con algo que non vou reiterar de novo, pero que xa expliquei, que hai que facer as devolucións da liquidación negativa do exercicio 2008.

Os recursos provinciais, taxas, prezos públicos e a recarga provincial, o imposto do 25% do IAE, están conxelados, pero non é deste exercicio, levan conxelados os exercicios 2009 e 2010, o cal pensamos que é un factor importante, negativo para os ingresos onde temos autonomía orzamentaria, pero neste caso sen facer o discurso de que hai que baixar os impostos, porque os impostos, e temos o exemplo dun país, que é Irlanda, non queda máis remedio que subilos moitas veces, non queda máis remedio que subilos, non se pode con isto facer demagogia. O aplicable neste caso, na xestión provincial, é que os concellos, que é a razón de ser da existencia das deputacións, sobre todo os menos favorecidos, e aos cales hai que axudar técnica, economicamente e xuridicamente, aí o Servizo de Asistencia a Municipios, que vai prioritario, pero non cunha partida soa, que non nos chamemos a enganos, porque a parte da informática, de Organización e de Modernización forma parte da Asistencia a Municipios, igual que a recadación, a xestión tributaria, a xestión catastral e inspección tributaria, entre outros. E trataremos tamén de seguir a incidir, e permítaseme unha breve reflexión, porque se a Administración central reduciu as transferencias de capital, a Administración autonómica practicamente non contribúe coas deputacións, primeiro no Fondo de Cooperación Local, cando di o artigo 142 da Deputación que tanto a Administración central como a autonómica teñen que facer un plan de colaboración coas entidades locais e outorgar as economías correspondentes. Desde aquí fago un chamamento á Administración autonómica para que cumpra este artigo 142. E no Orzamento 2011, no capítulo de ingresos van exclusivamente de transferencias da Xunta 597.100 euros, para materia educativa. Dicirlles ás Sras. e Sres. Deputados que só en materia educativa e servizos sociais, neste orzamento inicial van preto de oito millóns e medio de euros, por tanto, cada un que saque as conclusións que ten que sacar. Esta achega é dun 7%.

Eu espero, e esperamos, que no proxecto Mandeo-Augas de Galicia, como quedou a expresidenta, que creo que xa non é a mesma, a Sra. Ethel, nunha reunión que tivemos nesta planta 2ª da Deputación, que comparta algo que tamén é propio da Xunta de Galicia, que son os saneamentos neste caso da bacía da conca dos ríos Mendo e Mandeo.

E xa brevemente os capítulos de gastos, porque non quero ser moi incidente no mesmo, dicir que se fan investimentos e que no capítulo I recóllese a aplicación do Real decreto transformado en lei, agora ben, tamén se recollen partidas orzamentarias para novas necesidades organizativas ou operativas, e como xa dixen as partidas de acción social e distintos gastos mantéñense, quere dicir con isto que esta Deputación, a da Coruña e este equipo de goberno inviste en recursos humanos, preocúpase do persoal da Deputación.

Como gastos importantes hai programas como o de seguridade viaria, Plan de cooperación cos concellos menores de 20.000 habitantes, e distintos aspectos que están nos documentos que lles acabamos de entregar a todas as Sras. e Sres. Deputados, vaise

de forma moderada a un crédito, o POS xa explicamos a súa situación, e quero referirme brevemente a tres aspectos do futuro da Deputación.

En primeiro lugar, a estabilidade orzamentaria cúmprese taxativamente, ao pé da letra, están aí os informes dos servizos económicos e cúmprese estritamente a estabilidade orzamentaria, a carga financeira é semellante á do exercicio pasado, do 8,73, co cal esta Deputación goza dunha boa saúde económica porque a débeda viva, entre outras cousas, remóntase a cantidade ao ano 1998, é dicir, a débeda viva estivemos a recuperala este equipo de goberno nos dous mandatos que tivemos, este será o último, como dicía o 2011 e foi baixando sucesivamente, aparece reflectida nos distintos informes e estudos que están ao dispor das Sras. e os Sres. Deputados. Por pór un simple exemplo, a porcentaxe que recentemente distintos diarios falaban dela, do 110%, que ese é un tope sobre recursos correntes liquidados, esta Deputación está no 45,68%, é dicir, existe unha banda do 64,32%, e unha baixada de algo máis do 8% con relación ao exercicio anterior. Por iso, insisto, que a economía provincial goza de moi boa saúde, e que as próximas corporacións terán que administrar esa boa saúde.

Xa para finalizar, estamos convencidos de que as circunstancias económicas actuais hai que afrontalas con distintas accións correctoras, non se fai nin nuns meses nin cun orzamento, pero os orzamentos poden axudar a pór o gran que fai a mancha, e isto é o que temos que tratar de facer, sendo a Deputación máis concello de concellos, tendo acordos sólidos e consensuados, continuar cos investimentos produtivos para alcanzar acordos xenerosos e que van ser favorables para os cidadáns da nosa provincia, todo iso baseado na cooperación, na obxectividade e na solidariedade, por iso en nome do equipo de goberno pídolles aos representantes do Grupo Popular o seu voto favorable a este orzamento inicial. Moitas grazas.

#### Sra. Pérez Fernández

Bos días a todos e a todas. Quero empezar a miña intervención de hoxe, evidentemente moitísimo máis breve que a do responsable da área económica da Deputación, con dous agradecementos, primeiro, efectivamente, a este mesmo responsable da área Económica, pola súa exposición, como sempre, á que xa nos ten habituados, didáctica, pormenorizada e rigorosa, e en segundo lugar, agradecer, evidentemente, aos funcionarios e funcionarias que participaron na elaboración destes orzamentos para que hoxe poidamos estar aquí en tempo e forma, evidentemente, debaténdoos, e se proceder, aprobándoos.

Presentamos hoxe, por tanto, para a súa aprobación plenaria os Orzamentos provinciais para o próximo ano 2011. Uns orzamentos que non só trazan as magnitudes económicas e as principais previsións para un exercicio económico concreto, senón que tamén supoñen, efectivamente, como xa se dixo, o peche, a este nivel, dun mandato de catro anos por parte do actual grupo de goberno da Deputación. Iniciabamos este mandato no ano 2007 practicamente ao mesmo tempo, aínda que algún responsable

político non a recoñeceu como tal ata ano e medio despois, ao mesmo tempo en que se producía o estalido da crise económica mundial, que agora, tres anos máis tarde, preséntase na súa fase máis aguda. Por tanto, folga dicir que todas e cada unha das actuacións deste grupo de goberno estiveron extremadamente condicionadas pola situación económica que aínda atravesamos. Condicionantes, efectivamente, que se reflectiron nos números e cantidades dos orzamentos que fomos aprobando sucesivamente e tamén neste que agora debatemos están presentes.

Este orzamento para o ano 2011 podémolo presentar como continuísta, pero non é nesta ocasión o significado deste cualificativo en absoluto pexorativo. Continuísta en coherencia co contexto económico, continuísta en responsabilidade co escenario económico no que estamos inmersos, continuísta na atención ao núcleo competencial básico das Deputacións que é, como todas e todos sabemos, o apoio aos concellos da provincia, concretamente aos máis pequenos. Continuísta, en definitiva, en manter as partidas destinadas a favorecer e mellorar a calidade de vida da cidadanía á que nos debemos.

Non vou repasar polo miúdo todas aquelas partidas e áreas ás que xa se referiu con detalle o responsable político da área económica da Deputación, pero si que necesariamente teño que nomear, cando menos, algunhas características que me parecen destacables. Algo máis de 175 millóns de euros, cunha diminución de menos do 2% respecto do 2010, que a pesar de todos os condicionantes aos que me referín antes, e tamén aos sucesivos recortes nos ingresos, non conseguen apenas alterar a solidez da economía desta institución. A débeda acumulada é a máis baixa desde o ano 1998 o que representa o 45,68% dos recursos liquidados por operacións correntes, moi lonxe do límite de endebedamento permitido, e que se sitúa no 110%.

Os aforros neto e bruto son positivos, o que mostra unha importante capacidade de aforro da institución, e a carga financeira, aínda que cun leve repunte respecto do ano 2010, sitúase cun 8,73% na máis baixa tamén dos últimos 16 anos. En definitiva, datos todos eles que nos levan a concluír que a xestión política da economía provincial foi, efectivamente, austera e responsable, e que a día de hoxe permítenos aínda gozar dunha saúde económica máis que razoable.

Mantéñense os principais plans de apoio e colaboración cos concellos, o principal, o POS, que desde a área de Asistencia a Municipios, con 24.200.000 euros ofrece, por segundo ano consecutivo, a posibilidade de destinar o 50% á obra e o 50% a gasto corrente, posibilidade ben acollida pola totalidade das corporacións municipais e acorde coa realidade económica do momento. O PCC, dotado neste orzamento inicial con 5.000.000 de euros, que serven para seguir contribuíndo aos investimentos en infraestruturas e equipamentos básicos nos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, e que ao seu remate, achegaría, nada máis e nada menos que 40 millóns de euros ás mencionadas actuacións.

Outros plans propios da Deputación, o Plan de vías provinciais, o Plan de conservación, o Plan de sendas peonís, o de travesías, etc., que supoñen un

investimento de case 21 millóns de euros e que teñen como obxectivo seguir mellorando a seguridade viaria e o mantemento das estradas, e eliminando, ou cando menos atenuando, os posibles perigos para os usuarios e usuarias destas.

Educación, cultura e deporte con preto de 20 millóns de euros, distintas actuacións, recollidas na área de Promoción Económica cunha suma total de máis de 15 millóns de euros e, evidentemente, Benestar Social, a área coa que adquirimos un compromiso firme e decidido e que, un ano máis, non sofre recortes na súa dotación.

Por último, e sen querer entrar, como xa dixen, en detalle, as partidas dedicadas a normalización lingüística e a igualdade, ambas as áreas que sofren a súa crise particular e a falta de atención por parte doutras administracións, e que a Deputación contribúe, nas súas posibilidades, a que manteñan a relevancia política que se merecen.

En fin, miles e miles de euros de investimento produtivo, e desde logo este discurso meu non quere ser autocompracente porque todo, tamén este orzamento, é susceptible de mellorar. Miles e miles de euros, digo, que mostran a preocupación deste equipo de goberno polo fomento do emprego, principal pano de fondo de todo este investimento e que, desde logo, e teñámolo ben en conta, non exclúe que quen ten as competencias lexisle a favor de cambios estruturais no financiamento local, un financiamento que se evidencia, cada vez máis, como insuficiente e, sobre todo, como inxusto. Un financiamento que só ten en conta o parámetro da poboación e do esforzo fiscal e que non contempla, nin de lonxe, que os custos dos servizos en Galicia son moitísimo máis altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional e o avellentamento da poboación.

É verdade que os concellos teñen que estar apoiados pola Deputación, pero desde logo teñen que ser escoitados e o que é aínda máis importante, teñen que ser atendidos por quen realmente ten as competencias. Non é de recibo que despois de case 30 anos da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia haxa competencias da Comunidade Autónoma que seguen levando a cabo as administracións locais, tamén esta Deputación, cando non temos nin os medios, e agora menos que nunca, nin as posibilidades de desenvolverlas adecuadamente. Non é de recibo que este ano, máis que ningún outro, notásemos na Deputación, nas distintas áreas da Deputación, o incremento de peticións de concellos e entidades asociativas, que por non seren atendidas na administración que realmente ten as competencias, recorren a nós para procurarse a súa subsistencia. Non se pode pretender, desde o noso punto de vista, saír desta crise sen que ninguén cambie, as medidas de fondo calado que hai que tomar, desde logo non están ao alcance dunha Deputación, desde logo non están os cambios que necesariamente se teñen que producir no financiamento local e moito menos dependen da Deputación os verdadeiros cambios estruturais que se teñen que producir no noso ordenamento territorial, cambios estruturais na nosa organización territorial que ata hai ben pouco só algúns ousabamos falar deles, e que a crise puxo totalmente ao descuberto a necesidade de que se produzan. Sr. Presidente, coincidimos con vostede en que Galicia merece un novo Estatuto de Autonomía que non nos relegue a ser considerados unha simple rexión periférica, coincidimos literalmente con vostede na

parte da súa exposición na comparecencia no Parlamento galego, na que expuxo que é conveniente definir un marco, estable e eficiente marco de supramunicipalidade que permita adaptar a estrutura administrativa á realidade social galega, un elemento esencial, dixo vostede na súa comparecencia, do novo texto autonómico, debese ser a organización territorial de Galicia. O BNG avoga por abordar, desde a perspectiva galega, unha ambiciosa reforma da estrutura institucional local que contemple a racionalización do aparello burocrático local e a austeridade no gasto público e, desde logo, que non desaproveite a oportunidade de que as nosas verdadeiras realidades territoriais sexan o marco de referencia para unha organización territorial de poder local máis coherente.

En fin, incluso esta gravísima crise ten a súa cara positiva, podemos falar sen eufemismos de temas que ata hai dous días eran tabú, ao mesmo tempo que desenvolvemos o debate orzamentario, non en balde dise, efectivamente, que o debate orzamentario, en calquera institución, é o máis importante do ano. Os números, acabámolo de comprobar na aprobación de orzamentos da Xunta, tamén estes que nós presentamos hoxe, son, á fin e ao cabo, a tradución simultánea das políticas que as distintas organizacións políticas queren pór en práctica, cada un, como non, desde vertentes ideolóxicas moi distintas. Moitas grazas.

Sr. García Gorostizu

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados. Teño que felicitar as intervencións dos voceiros do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, porque desde perspectivas distintas e complementarias, puxeron o dedo na chaga na situación na que nos atopamos. Como a Sra. Rosana Pérez dixo, o portavoz en materia de Economía e portavoz do Grupo Socialista nesta Deputación, aínda tendo unha longa experiencia política, notóuselle as súas condicións de mestre e exerceu, creo que unha pedagogía política importante, que eu lle agradezo, Sr. Lagares, con sinceridade e con corazón. Pero estamos na presentación, debate e votación dos Orzamentos 2011, que cerra o ciclo 2008-2011, que corresponde coa dirección política do actual equipo de goberno que está dirixido polo presidente Salvador Fernández Moreda. E eu, que iniciéi nesta Deputación o debate dos orzamentos en 2008, antes de que a actual situación económica nos mostrase o seu peor rostro, si lembraba que o debate político de fondo naquel momento viña dado pola configuración das áreas metropolitanas en Galicia e, en consecuencia tamén, pola incerteza existente sobre a función das Deputacións provinciais. Recordo que ás reflexións que este portavoz formulaba sobre a defensa e o papel que en todo caso lles correspondía ás deputacións, o presidente da Deputación, desde posicións de realismo e pragmatismo político contestoume “non sei en que terminará ese debate, pero si teño claro”, díxome, “que en tanto presida esta institución, tentarei que esta estea presidida por criterios de eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos e na lexitimación social e política desta institución, o que teña que vir, xa virá”, que enlaza, en certa medida, con novos escenarios que o mesmo presidente estivo demandando e ao que a Sra. Pérez fixo mención.

Pero si é certo que daquel debate, a día de hoxe, transcorreron tres anos, tamén cerra un ciclo do que o Sr. Lagares fixo unha exposición e que eu, daquelas palabras do presidente, canto a eficacia e eficiencia dos servizos públicos tamén desde o noso Grupo Popular podemos facer balance, pero un balance que, evidentemente, está tamén orientado á valoración e ao posicionamento do Grupo Popular neste debate de orzamentos.

Se mo permiten, eses principios de eficacia e eficiencia si presidiron determinados servizos da complexa realidade que conforma esta institución, e tamén estamos convencidos que noutros ámbitos de xestión non se alcanzaron en grao óptimo eses niveis que deben presidir a xestión dos servizos públicos. Se digo o que a seguir vou dicir, parece que o subconsciente colectivo aos tres portavoces fixonos prisioneiros do mesmo, pero non se pode negar o que é evidente. En primeiro lugar, entre esa eficacia e eficiencia, ningún informe, ningún documento nega o cumprimento desta medida orzamentaria e a progresiva redución do déficit público, cun cadro de magnitudes económicas financeiras que xustifica que a facenda municipal goce dunha boa saúde financeira: aforro bruto, 47 millóns; aforro neto, 32 millóns, a 2009 cuns recursos liquidados de 185 millóns, unha débeda acumulada de 84,5, ese 45,68 ao que se facía referencia, e unha carga financeira de 8,73. En segundo lugar, si se foron incorporando a prestación de novos servizos prestados aos cidadáns e que lexitiman á institución, os servizos de recadación e entrega a conta aos concellos, os novos servizos de recadación, como a unidade de xestión de multas de tráfico, os traballos que se están realizando para a operatividade da oficina virtual de recadación, o asesoramento na cobranza de novos tributos, como o IBI. Non podemos negar, o Plan estratéxico provincial, eu recordo naquel debate de 2008 prevíanse uns maiores ingresos, era concorrencia competitiva, pero aínda así se obtiveron recursos, en palabras do Sr. Lagares, economías, que permitiron executar un proxecto importante como é o do río Mandeo-Mendo, e tamén a formulación de plans e programas dirixidos aos concellos para financiar o gasto corrente, son un exemplo desa eficacia e eficiencia. Pero fronte a esas referencias, o noso grupo non pode afirmar o mesmo da execución orzamentaria, aínda que cabería diferenciar as porcentaxes de execución do capítulo VI, os investimentos reais, e do capítulo VII, as transferencias de capital.

Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, o noso grupo está convencido que nesta materia é onde máis se debe de levar a cabo un diagnóstico real e establecer un programa que optimice esta realidade co obxectivo de incrementar os actuais niveis de execución orzamentaria, e moi especialmente no capítulo VI, porque aínda que a política sexa en certo sentido unha aprendizaxe da decepción, non se pode manter a actual realidade. Durante o debate orzamentario do tres últimos anos o Grupo Popular mantivo unha abstención responsable ante o contido dos distintos orzamentos, por distintos factores que sucintamente enumero, un foi exposto polo Sr. Lagares porque, evidentemente, foron aprobados en prazo, que non sempre é sinxelo, e aí está a experiencia de múltiples concellos que non o poden aprobar, ou que se limitan a prorrogalos, pero tamén é certo que iso non sería posible sen a profesionalidade, dedicación e vocación de servizo de todo o persoal dos distintos servizos que interveñen na súa elaboración, especialmente os servizos de Presupostos e Estudos



Económicos, grazas en nome do Grupo Popular a estes magníficos profesionais. En segundo lugar, pola existencia dunha ortodoxia orzamentaria cuxos indicadores máis significativos foron expostos na introdución desta intervención, e tamén, e aquí enlace coa gratitude recíproca ao portavoz do Grupo Socialista porque, nesa actitude de diálogo e de consenso, as achegas efectuadas polo Grupo Popular na elaboración dos distintos orzamentos que, en gran medida, atoparon apoio no equipo de goberno e que estamos convencidos que contribuíron a facer da Deputación o concello de concellos, especialmente dos pequenos e medianos municipios, grazas, Sr. Lagares, por ese recoñecemento do diálogo e do acordo.

E estes factores, con maior ou menor intensidade, tamén se dan nestes Orzamentos do 2011 que, case sen dar conta, xa estamos de cheo no seu contido. Hai un dato que non se explicitou, pero que está na mente de todos, e que este portavoz non pode esquecer, os Orzamentos do 2010, con relación aos Orzamentos do 2009, descenderon un 11,37%, en cambio, como si se sinalou aquí, os Orzamentos do 2011, con relación aos Orzamentos do 2010, só descendeu un 1,94%. O noso grupo, que somos defensores de que a política é, en primeiro lugar, unha xestión de asuntos desde o punto de vista da continxencia e a complexidade, considera estes asuntos como asuntos abertos, decidibles, imprevisibles, opinables, controvertidos e revisables e, por tanto, requírenos unha primeira reflexión de por que se produciu esa situación do 11,37 ao 1,94, aspectos que se dixeron aquí, pero nun marco no que nós queremos resaltalo.

Un orzamento si é a xestión de asuntos e materias complexas e continxentes e, por tanto, eses adxectivos pódense predicar estes, e desde eses adxectivos imos tratar de analizar o estado de ingresos e entender un pouco esta situación ou, o que é o mesmo, como imos poder alcanzar a cifra de ingresos de 175 millóns de euros orzados, que aínda que está explicado con todo detalle no informe económico-financieiro que contén os orzamentos, poden levar aparellados uns factores de risco e incerteza. Ao noso entender, a explicación garda unha relación estreita con aspectos que transcenden o ámbito competencial da propia Deputación, pero que lle afectan moi directamente, estamos a referirnos ao contido dos Orzamentos Xerais do Estado de 2011, e a determinadas medidas do Ministerio de Facenda. Pedímoslles que reteñamos esas dúas referencias e centémonos en tres vías en que ven reducidos os ingresos nos orzamentos da Deputación en 2011, que se expuxeron.

Na primeira dela, pouco temos que ver, porque responde a esa diminución de ingresos proveniente de fondos europeos, obtido en concorrencia competitiva e que se viñeron executando ao longo destes dous últimos anos e que van significar unha diminución de 6,5 millóns de euros, pero que aí está, evidentemente, unha realidade que se transformou e que, evidentemente, o compromiso de levar a cabo a depuración para facer máis competitiva toda a contorna do proxecto Mandeo-Mendo, o poida cumprir a Xunta de Galicia. A segunda, si responde a unha vontade política que nace e morre na propia Deputación, xa que é o equipo de goberno, de forma responsable, quen reduce en 3 millóns o endebedamento, pasando de 12 millóns en 2010 a 9 millóns en 2011. E a terceira, tamén se dixo, por esa diminución dos ingresos patrimoniais debido

aos mercados financeiros e aos tipos de xuros que, evidentemente, fan descender case 1 millón de euros, de 5 a 2010 a 4,1 en 2011.

Por só estas tres vías de ingresos prodúcese unha diminución de 10,5 millóns de euros, e como a redución do orzamento se cifra en 1,94, ascende a -3,2 millóns de euros, por tanto, evidentemente, hai unha cantidade e 7.219.618 euros que temos que entender de onde poden saír, aínda que o Sr. Lagares nos deu unha pista. E aquí céntrase a substancia e a complexidade destes orzamentos na súa vertente de ingresos, dado o actual escenario macroeconómico do Estado e da situación financeira internacional, e adianto que é unha situación da que non é responsable a Deputación, pero que si pode encerrar unha trampa para a propia Deputación, por iso é polo que me veña á cabeza que na natureza do poder está o non podelo todo, e aquí sucede algo ao que se lle pode aplicar este axioma, porque os Orzamentos Xerais do Estado conteñen unha previsión do crecemento do PIB para 2011 do 1,3, e en gran medida é sobre o cal se van efectuar os ingresos a conta, ingresos que se van producir, pero que están sometidos ou non a devolución, en función da liquidación dos Orzamentos Xerais do Estado en 2013, desde esa previsión do crecemento do PIB, a Deputación obterá a maior parte do incremento de ingresos vía Estado, cifrados nesa cuestión en 6 millóns de euros, desa forma cubrimos un 82,86% dos 7,2 millóns en que só por esas tres vías de ingresos estes diminuían con relación a 2010. Oxalá medremos o 1,3% de PIB, oxalá, pero nesta cuestión, que pode ser opinable, revisable, impredecible, adxectivos que antes dixeran que definían os asuntos continxentes e complexos, hai dous antecedentes obxectivos aos que temos que cinguirnos por desgraza, e que se a liquidación do Orzamento do Estado de 2008, que comporta á devolución dos ingresos que xa a Deputación recibiu, e o avance que xa o Ministerio de Facenda fai para o 2009, en que tamén é negativo en materia de transferencia do fondo complementario.

Por tanto, se por esta vía pasamos de 109 a 114 millóns, 5 millóns máis de ingresos, se esta Deputación rematase as súas funcións hoxe, pero temos proxección de futuro, e evidentemente, de non producirse esa previsión de crecemento, todo este conxunto de medidas de ortodoxia orzamentaria que se expuxeron, poderían pórse en perigo, e poderían pór estas magnitudes económicas, que son paradigma da boa saúde económica-financieira que goza esta Deputación. Pensamos que ese factor de risco estivo presente, porque se reduciu o endebedamento e, ademais, porque se amortiza máis débeda da que se contrae, pero o que está claro é que se está transferindo potencialmente un déficit ás Administracións locais porque cos precedentes da liquidación de 2008 e de 2009, podemos ver cando se liquide en 2013 o orzamento deste ano, na mesma situación de devolución, e son economías, como vostede sabe, Sr. Lagares, que ascenderían a unhas contías moi elevadas.

Do resto do capítulo de ingresos, reiterar o que constitúe e representa un consenso institucional, e que o Sr. Lagares tamén dixo. Non se pode excluír ás deputacións como administracións locais que somos, do Fondo de Cooperación Local, e asumimos, como Grupo Popular, a obriga de que no próximo exercicio orzamentario se poida pór fin a esta situación que caracterizou a todos os gobernos de Galicia. E

cerramos o capítulo de ingresos manifestando que o resto deles responden a criterios de prudencia e realismo, que compartimos.

Entramos xa no capítulo de gastos, cuxa distribución ofrece unhas porcentaxes moi ilustrativas. Os gastos de persoal ascenden a un 23%, os gastos correntes a un 16%, os gastos financeiros a un 0,7%, as transferencias correntes a un 22,7%, os investimentos reais a un 14%, as transferencias de capital a un 15%, os activos financeiros a un 0,5, e os pasivos financeiros a un 7,7. Dos capítulos I e II pouco temos que dicir, porque estamos de acordo, representan un 39% do total e obedecen, ben ao cumprimento de obrigas asumidas por esta Corporación, ou ben a soportar os novos tipos de IVE. Os gastos financeiros, activos financeiros e pasivos financeiros, responden na política de redución de endebedamento e pagamento de xuros que representan un 9%, e é un dato importante, como sinalei antes, amortizamos máis débeda da que contraemos, e é un criterio que compartimos, e que é un criterio de prudencia, e que pode ser positivo de cara ás incertezas que pesan sobre estas previsións que poden facer organismos que están por riba de nosa propia competencia.

Quedan, por tanto, os gastos por transferencias correntes, investimentos reais e transferencias de capital, que totalizan un 52% do orzamento, e que ascenden a 91 millóns de euros. Permítame que lle mostre, Sr. Lagares, unha das primeiras discrepancias, porque ouvinlle falar de 116 millóns de euros, pero non sabía se se refería na súa totalidade a investimentos produtivos, creo que non, que aos investimentos produtivos referíase só aos que eu me vou a referir, aos do capítulo VI e ás do capítulo VII, os outros tamén redundan nos concellos, pero non teñen esa natureza de investimentos produtivos. Por tanto, hai 91 millóns de euros, porque está claro que ata os 116, xa me dei conta que incorpora os 6 millóns e medio do capítulo II de mantemento de vías provinciais, e así ata os 116, pero aos 91 millóns de euros, neses tres capítulos, como valora o Grupo Popular cada unha destas partidas orzamentarias?

Pois antes de responder, investimentos o que se di investimentos produtivos, os do capítulo VI e os do capítulo VII ascenden a 50,8 millóns de euros, e sobre os que nos imos centrar. O capítulo VI investimentos reais, os que leva a cabo esta institución, consignan 24,6 millóns e é a partida que experimenta un maior descenso con relación ao Orzamento de 2010, que ascendía a 32 millóns, é dicir, prodúcese un descenso de 7,4 millóns que representan un -23,14, que non é un dato positivo e que preocupa ao Grupo Popular e que representa, ao noso entender, o aspecto máis débil do orzamento. O capítulo VII, transferencias de capital, ten outro tratamento distinto nos orzamentos, consigna 26,2 millóns, aquí a diminución é dun 4,5 e representa -1,2 millóns, pero tamén redución, é dicir, de 59,4 millóns de investimentos produtivos en 2010, pásase a 50,8, 8 millóns menos de investimento. E aquí entendemos que si xoga a política do goberno da Deputación, entre distintas alternativas, e con escaseza de recursos, ou manter o investimento produtivo e recortar os gastos sociais, ou reducir o investimento e manter os gastos sociais, pensamos que se optou pola segunda, é unha opción. O noso grupo tal vez estudase unha posible terceira vía, froito da ponderación e do reequilibrio entre ambas as políticas, reducir menos o investimento, á conta de reducir, nunhas determinadas porcentaxes, a contía de certas políticas sociais. Agora ben, é certo que a

pesar do recorte mantéñense coa mesma contía os grandes programas que estruturan os investimentos destes dous capítulos, o POS e o Plan de cooperación aos concellos con menos de 20.000 habitantes, na mesma contía.

Unha reflexión, ao comezo desta intervención realizaba un xuízo sobre os niveis de execución orzamentaria dos capítulos de investimento, que cifrabamos moi baixos. O Grupo Popular estaría satisfeito e asumiría o recorte de ambas as partidas por 8 millóns, se os niveis de execución dos investimentos reais pasasen no próximo exercicio a uns niveis do 50%. Se a redución de investimentos reais nun 23,14% vai acompañada dun compromiso efectivo para unha maior eficacia na súa execución ao longo do 2011, resultará máis positivo que manter os investimentos nas mesmas porcentaxes e logo comprobar que a súa execución non alcanza ese mínimo do 50% destas, e o mesmo cabería predicar das transferencias de capital, e creo, sinceramente, que nesta afirmación e nese compromiso estaremos de acordo os grupos.

Quedan por último as transferencias correntes, que representan a nada desprezable cantidade de 40 millóns de euros, un 22,7% dos gastos, a segunda partida máis importante, e aquí felicitámonos e felicitamos ao equipo de goberno e aos concellos da provincia porque a diminución só é de 116.000 euros, ou sexa, dado o descenso do -1,94%, medramos, por tanto é un dato importante. Canto á súa distribución, tres son os grandes beneficiarios, os concellos con 24,4 millóns, e un incremento real de 170.000 euros; os consorcios, 6,1 millóns e as institucións sen ánimo de lucro 8,8 millóns. Pois ben, para o noso grupo que o 40% do total das transferencias correntes se destinen a concellos é positivo, que se produza un incremento de 170.000 euros máis, e que se manteña a partida de 12,1 millóns para que os concellos poidan destinalo a financiar gastos correntes a servizos públicos municipais, mellor, moito mellor. Claro que existen transferencias que se optaron por manter, e non estamos en contra delas, pero a súa prestación pola Deputación é unha cuestión a dilucidar nun futuro no momento de abordar o imprescindible pacto local e a segunda descentralización, da que aquí tamén un gran municipalista falou, e que implicitamente dixo, levamos a cabo a prestación de servizos que son impropios, pero levámoslos a cabo. En canto esa situación permaneza estática e non chegue ese debate do pacto local e a segunda descentralización, optouse, dixémolo, por manter transferencias, e só cinco conceptos absorben 9 millóns de euros: promoción e servizos sociais, 4 millóns; actividades culturais, música e teatro, 2,4 millóns, que se sumamos 1,2 por transferencias de capital, ascenden a 3,6 millóns; actividades deportivas en transferencias correntes, 1,3, que se tamén lle engadimos os 0,7 millóns de euros, ascenderían a 2 millóns de euros; fomento da lingua galega 0,5 millóns, e acción comunitaria, 0,6 millóns, que se lle engadimos o 1,4 de transferencias de capital, suman 2 millóns de euros. É dicir, estes 5 conceptos, entre os 9 millóns de transferencias correntes e de capital, ascenden a 12,1 millóns, a mesma cantidade que a consignada para o POS, e 4 millóns máis que o recorte do investimento produtivo nos capítulos VI e VII. E aquí é onde nós dicíamos que existiría unha terceira vía onde se podería ponderar unha menor diminución dos investimentos reais e un certo recorte nestes conceptos de transferencias correntes.

Termino, aspirar a algo significa certamente orientarse cara á modificación do existente. Eu creo que o Plan estratéxico provincial é un instrumento que se debe espremer ao máximo para conseguir concorrer á captación de fondos europeos con novos proxectos que modernicen a nosa provincia e a doten de maior competitividade espacial e cohesión social e tamén de ingresos orzamentarios. Potenciar os servizos de asistencia aos concellos, seguindo o exemplo dunha Deputación á que visitamos e que é paradigma nesta materia, sobre todo en cuestións de natureza urbanística, informática, de directivas de servizos, é importante, e reiterar ese compromiso de elevar os niveis de execución orzamentaria, de investimentos reais, como as transferencias correntes, serían, ao noso entender, obxectivos que lexitimarían, máis, se cabe, a propia Deputación.

Podería seguir, pero se a política é dar resposta a tres preguntas, que é o que hai que facer, como hai que facelo e quen ten que facelo, non teño dúbida que a primeira delas daría lugar a un gran inventario, un gran inventario que todos temos na cabeza, e sobre as que existiría un consenso. No como poden existir diferenzas, e no quen é evidente que creemos na alternativa democrática e non renunciamos a asumir as responsabilidades de goberno desta institución. Na medida en que estes orzamentos conteñen, polo menos, moitas das cousas que hai que facer, e que as diferenzas no como non son radicalmente opostas, imos absternos na votación, porque a terceira cuestión non é materia orzamentaria, senón só depende do pobo soberano.

#### Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, si, brevemente, moi brevemente para contestar aos dous voceiros que me precederon no uso da palabra, con moita brevidade. Agradezo a intervención da Sra. Pérez, en representación do BNG, e dicirlle que compartimos a filosofía da súa intervención, sobre todo no aspecto, digamos, un pouquiño máis político, relacionado coa problemática do Estatuto de Autonomía.

E como non, agradecer a intervención sempre moi ilustrativa e didáctica do Sr. García Gorostizu en representación do Partido Popular, onde eu o que lamento é que ese voto non sexa favorable, non sexa favorable porque realmente hai aí algúns matices que igual habería que corrixir ou atallar. Falaba da eficacia e da eficiencia que no seu momento aquí falouse, naqueles primeiros inicios do debate, preocupáballe sobre todo a execución do orzamento no exercicio adecuado. Eu quero dicirlle que moitas veces esa eficacia na xestión orzamentaria non ten que ver con este equipo de goberno nin con esta institución provincial, senón que, como ben sabemos todos, hai temas que dependen moi cuantitativamente e cualitativamente dos propios concellos da provincia, que executan a maior parte das obras, salvo o capítulo VI, que son investimentos propios, e que este equipo de goberno, en virtude desa maior autonomía municipal, delega a súa contratación, xestión, etc., nos propios concellos. Falaba dunha cifra que me chamou a atención, “se chegamos ao 50% na...”, eu creo que se sobrepasa iso, eu teño datos a día de hoxe, e depende tamén de que parámetros falamos, porque se falamos, primeiro, dos créditos consignados definitivos, nós cando empezamos o orzamento inicial de 2010, tiñamos 178 millóns de euros, pero é que neste momento o

orçamento definitivo da Deputación da Coruña son, nin máis nin menos, que preto de 392 millóns de euros, despois da incorporación de remanentes, expedientes de modificación de créditos, etc. E se falamos de retencións de crédito que se van executar, estamos no 92,5%, cuantitativamente preto de 362 millóns e medio, superándoo un pouquiño. Agora, di vostede moi ben, cales son as partidas, os capítulos económicos, que están peor xestionados?, se imos a outro concepto, efectivamente, o capítulo VI e tamén é o capítulo VII, evidentemente non vai ser o capítulo I, porque no capítulo I vai chegar a unha porcentaxe moi adecuada.

De todos os xeitos, dicirille que indubidablemente a situación da Deputación, desde distintos puntos de vista, mellorou e mellorará, pero hai que ter en conta algo que se refería vostede, mellorará cando saibamos as liquidacións e a situación nese momento en concreto, agora sabemos a de 2008, temos unha previsión feita polo Ministerio de Economía e traballada na Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas da FEMP, da cal son membro, de que pode ser mesmo maior, e non podemos dicir doutros exercicios, porque non o sabemos. Por tanto, por iso esa precaución, hai que ser moi precavidos de cara ás circunstancias económicas.

E eu dígolle que vostede coincidía no capítulo I, no capítulo II, no capítulo de amortización de capital e de xuros, discrepaba no capítulo VI e VII, fundamentalmente, evidentemente hai unha baixada, non tanto como dixo vostede, creo que non ten os datos puntualmente, pero eu agradézolle a súa intervención, lamento que o seu voto non sexa favorable, pero agradézollo a vostede e ao seu grupo, ao Grupo Popular, as súas achegas e o consenso, e o diálogo que nos caracterizou e que nos vai seguir caracterizando ata o final deste período representativo. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Telegraficamente, e referido á intervención cordial, como sempre, do Sr. Gorostizu, en representación do Partido Popular, cordial pero que, efectivamente, non podo compartir nunha parte importante.

Eu dixen na miña primeira intervención, Sr. Gorostizu, que non quería ser autocompracente na miña análise deste orzamento, e que todo é susceptible de mellorar. Evidentemente, o nivel de execución orzamentaria é susceptible de mellora, e aí, efectivamente, máis que en ningún outro capítulo, non podemos ser autocompracentes, pero recoñecendo, paralelamente, que esta Deputación, e aquí hai varios alcaldes, que o poderían constatar se fixese falta, recoñecendo que esta Deputación é inmensamente xenerosa cos prazos para cumprir por parte, en concreto dos concellos, á hora de levar a cabo determinadas actuacións.

Outro aspecto, digo que vou ser moi sintética, para non alongar máis o debate, outro aspecto da súa intervención, na que evidentemente, e xa que, se exercemos como galegos, depende de como se mire. Vostede di que hai unha diminución do investimento real, é certo, compartímolo, os números están aí e non o podemos cambiar. Tamén dixo, e dixemos todos, que estamos nun contexto económico

determinado, pero tamén hai que pór á beira da diminución do investimento real o capítulo VII de transferencias correntes. Cando nós estamos a falar das transferencias do POS aos concellos, das transferencias do PCC, das transferencias doutros plans, estamos, ben, non directamente, pero indirectamente, precisamente incidindo en investimento real que realizan os propios concellos, por iso digo que depende de como se mire.

E, por último, desas opcións que vostede efectivamente di que o equipo de goberno escolleu precisamente a de non recortar o gasto social, pódolle dicir, con toda claridade, que pola nosa banda, pola parte do Bloque Nacionalista Galego, foi conscientemente, dixeron tamén na miña primeira intervención que nunca en todo este mandato, como este ano, tivemos tantísimas peticións de concellos e de entidades sociais porque están, tamén como dixeron na miña primeira intervención, digamos que non sendo atendidas como se merecen pola parte da administración que ten as competencias, pola parte da Xunta de Galicia, entón, máis que nunca concellos e entidades sociais están a recorrer á Deputación precisamente para complementar esa actividade social que realizan e non ter que realizar recortes nas súas actuacións, por tanto, conscientemente, polo menos desde a parte do BNG, do equipo de goberno, optamos pola vía de manter o gasto social. E, como tamén dixeron na miña primeira intervención, e vostede referíase a que vostedes optarían por unha terceira vía, dixeron, repito, na miña primeira intervención, que os números son o reflexo duns conceptos políticos determinados de cada quen, e que evidentemente estes números en concreto representan unha vertente ideolóxica que, desde logo, ten diferenzas importantes coa que vostede representa.

En todo caso, agradecerlle, como sempre, o seu ton cordial, e coincidir, salvo nestas tres cuestións, no resto, coa súa exposición. Moitas grazas.

Sr. García Gorostizu

Grazas, Sr. presidente, grazas, Sr. Lagares, Sra. Pérez. Sr. Lagares, tal vez creo que estabamos a falar en execución orzamentaria do capítulo VI e VII, e sobre todo no que eran obrigas recoñecidas, é dicir, conceptualmente sabemos de que estamos a falar e podemos, evidentemente, introducir outros elementos de gastos autorizados ou gastos comprometidos, pero este voceiros estaba a referirse, evidentemente, aos capítulos VI e VII, e ás porcentaxes de obrigas recoñecidas nestes capítulos.

E con relación ao afirmado pola Sra. Pérez, a nosa política de cohesión social o que se dixo é unha ponderación, e unha ponderación porque, evidentemente, repito, os investimentos produtivos, sabendo que eses investimentos produtivos en momentos de crise poden ser a locomotora da economía, producir cun descenso do 1,94, que o capítulo VI, que son os que teñen que executar esta casa, se reduzan nun 23,14, e aí creo Sr. Lagares, que non estou equivocado nesa cifra, porque ma facilitou vostede no que toca á redución do capítulo VI, evidentemente é un dato que pode producir perplexidade e que, evidentemente, hai que buscar equilibrios, e xa dixeron que no que pode existir un gran consenso, no como poden existir diferenzas, onde posiblemente o

noso grupo ponderaría máis certos equilibrios, pero tamén engadín que nos contentaríamos con que no capítulo VI e VII as porcentaxes das obrigas recoñecidas ao finalizar o exercicio, estivesen a eses niveis do 50%. Nada máis e moitas grazas.

### Sr. Presidente

Grazas, Sr. Gorostizu. Se mo permiten, como é un tema que preocupa o tema da execución, eu quería dicir, hai un problema estrutural na Deputación que é de difícil solución, que nós temos delegada a contratación de todas as obras de investimento, excepto estradas provinciais, nos concellos. Decía o Sr. Lagares que a cifra de retidos sobre un orzamento de 391 millóns de euros, está retido o crédito por 362 millóns, o 92,5%, isto quere dicir que se iniciou xa a tramitación do expediente. O gasto autorizado é de 316 millóns, está autorizado xa o 89%, con todo o executado é o 44,11%. A min preocupárame se o retido e o autorizado fose menor, porque entón estaríamos a xestionar mal, pero estamos a xestionar a 26 de novembro o 92,5%, está xa o crédito retido e o 89% que xa está autorizado, co cal están en marcha todos os procesos. Cal é o problema que hai?, que hai un período de maduración, é dicir, os investimentos non se fan o mesmo ano porque unha vez que se aproban hai que facer os proxectos, hai que expropiar os terreos, hai que solicitar as autorizacións aos distintos organismos, a augas e a outros organismos, e é imposible xestionalos no ano, por iso é polo que o nivel de execución a data 26-11, a data de hoxe, sexa o 44,11%. E poño un exemplo, os concellos. O 26 de febreiro deste ano aprobamos as obras do POS, de 94 concellos da provincia, está executado a día de hoxe, executado o 24,3%, e hai concellos que aínda non adxudicaron as obras, claro, non é un problema da Deputación, da xestión da Deputación. En calquera caso, tamén debo dicir que no ano 2009 o nivel de execución foi do 39,78 a esta data, no ano 2008 foi do 36,59%, e hoxe, a 26 de novembro é do 44,11, imos mellorando aos poucos, pero sempre teremos un problema de execución porque hai un período de maduración que é así, que aprobas as obras agora, pero, imaxínese, aprobamos agora estradas, pero non se van adxudicar este ano, co cal non imos executalas este ano.

En calquera caso, agradézolle a forma e o fondo da súa intervención, agradézollo profundamente, creo que nestes momentos de convulsión política e económica, onde parece ser que o peor para o país é o mellor para algúns, estamos a dar un exemplo, somos capaces de falar, de pornos de acordo, de compartir un diagnóstico e facer un mesmo tratamento a eses problemas, e eu creo que iso é o importante. E ao final os orzamentos, como vostedes dixeron, fixéronse con responsabilidade, con rigor e con consenso, e iso é o importante.

Como normalmente o presidente sempre interpreta a vontade dos portavoces e canta a votación, pero como quizais o acto máis formal que pode ter unha institución é a aprobación do orzamento, gustaríame someter a votación o orzamento. Por tanto as Sras. e Sres. deputados que votarán afirmativamente o orzamento, que levanten a man. Moitas grazas.

As Sras. e Sres. deputados, que se absteñan, levanten a man. Moitas grazas.



Queda entón aprobado o orzamento para o ano 2011, cos votos favorables do Grupo Socialista e o Grupo Nacionalista e o voto de abstención do Grupo do Partido Popular.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

### ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Examinado o expediente que contén o proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2011, que presenta o Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

**1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2011 por importe de 175.045.000,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:**

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

##### **A)INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULO:**

##### **1. OPERACIÓNS CORRENTES:**

|            |                                   |                          |                    |
|------------|-----------------------------------|--------------------------|--------------------|
|            | CAPÍTULO I                        | Impostos directos        | 17.790.389         |
| ,19        |                                   |                          |                    |
|            | CAPÍTULO II                       | Impostos indirectos      | 10.540.896         |
| ,79        |                                   |                          |                    |
|            | CAPÍTULO III                      | Taxas e outros ingresos  | 7.864.684          |
| ,86        |                                   |                          |                    |
|            | CAPÍTULO IV                       | Transferencias correntes | 116.776.887        |
| ,09        |                                   |                          |                    |
|            | CAPÍTULO V                        | Ingresos patrimoniais    | 4.121.911          |
| ,42        |                                   |                          |                    |
|            | <b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b> |                          | <b>157.094.769</b> |
| <b>,35</b> |                                   |                          |                    |

##### **2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

|     |              |                                   |           |
|-----|--------------|-----------------------------------|-----------|
|     | CAPÍTULO VI: | Alleamento de investimentos reais | 2.600.400 |
| ,00 |              |                                   |           |
|     | CAPÍTULO VII | Transferencias de capital         | 5.619.830 |
| ,65 |              |                                   |           |

|     |  |  |                    |
|-----|--|--|--------------------|
|     |  | <b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>     | <b>8.220.230</b>   |
| ,65 |  | <b>3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>       |                    |
|     |  | CAPÍTULO VIII      Activos financeiros | 730.000            |
| ,00 |  | CAPÍTULO IX      Pasivos financeiros   | 9.000.000          |
| ,00 |  | <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>    | <b>9.730.000</b>   |
| ,00 |  | <b>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</b>        | <b>175.045.000</b> |

**B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

|     |  |  |                    |
|-----|--|--|--------------------|
|     |  | <b>1. OPERACIÓNS CORRENTES:</b>                      |                    |
|     |  | CAPÍTULO I      Gastos de persoal                    | 40.191.256         |
| ,69 |  | CAPÍTULO II      Gastos en bens correntes e servizos | 28.232.452         |
| ,19 |  | CAPÍTULO III      Gastos financeiros                 | 1.392.725          |
| ,00 |  | CAPÍTULO IV      Transferencias correntes            | 39.884.182         |
| ,62 |  | <b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>                    | <b>109.700.616</b> |
| ,50 |  | <b>2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:</b>                     |                    |
|     |  | CAPÍTULO VI:      Inversións reais                   | 24.611.012         |
| ,50 |  | CAPÍTULO VII      Transferencias de capital          | 26.208.000         |
| ,00 |  | <b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>                   | <b>50.819.012</b>  |
| ,50 |  | <b>3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>                     |                    |
|     |  | CAPÍTULO VIII      Activos financeiros               | 954.575            |
| ,00 |  | CAPÍTULO IX      Pasivos financeiros                 | 13.570.796         |
| ,00 |  | <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>                  | <b>14.525.371</b>  |
| ,00 |  | <b>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</b>                      | <b>175.045.000</b> |

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:**

| Grupo de función | Denominación                             | Orzamento     |
|------------------|--|---------------|
| 1                | Servizos públicos básicos                | 5.469.445,00  |
| 2                | Actuacións protección e promoción social | 26.782,488,10 |

|                                 |   |                       |
|---------------------------------|---|-----------------------|
| 3                               | Produción bens públicos carácter preferente |                       |
| 25.127,643,00                   |   |                       |
| 4                               | Actuacións de carácter económico            | 62.194.142,43         |
| 9                               | Actuacións de carácter xeral                | 40.537.760,47         |
| 0                               | Débeda pública                              | 14.933.521,00         |
| <b>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</b> |   | <b>175.045.000,00</b> |

**2º.-** Aprobar igualmente as **Bases de execución** para o seu desenvolvemento.

**3º.-** Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentan reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

**4º.-** Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

## **22.-ALEGACIÓNS DA REPRESENTACIÓN SINDICAL DA CIG E UGT AO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4/2010 DE APROBACIÓN POLO PLENO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1) “Desestimar as alegacións contidas nos escritos subscritos polos representantes das Seccións sindicais da Federación de Servizos Públicos da Unión Xeral de traballadores e da Confederación Intersindical Galega da Deputación Provincial da Coruña, do 19 de novembro de 2010.
- 2) Ratificar en todos os seus puntos o acordo de aprobación inicial adoptado no Pleno corporativo na sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro e exposto ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 209 con data do 3 de novembro.
- 3) Unha vez aprobado definitivamente o expediente publicarase, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor unha vez se dea cumprimento a tal requisito, de conformidade co establecido no artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e no artigo 20.3 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interperse directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nas normas da devandita xurisdición, de conformidade co establecido no artigo 172.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

- 4) Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e nos artigos 169.2 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007 do 2 de novembro.”

(Abandona o salón a Sra. Vázquez Veras).

### **23.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 0106 DE AMEÁS A OZA DOS RÍOS, TRAMO PK 8,600 A 14,700. ABEGONDO E OZA DOS RÍOS (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811100009.1).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o proxecto reformado de ampliación e mellora do trazado da EP 0106 de Ameás a Oza dos Ríos tramo PK 8,600 ao 14,700 Abegondo e Oza dos Ríos, código do proxecto reformado 0811100009.1) polo seu orzamento de contrata de 1.176.391,40 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 159.880,30 euros (IVE 16%) e de 162.636,86 euros (IVE 18%)

2º.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L. (B15289614), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 801.622,42 euros, o que representa un incremento respecto ao primitivo de 108.946,42 euros (IVE 16%) e de 110.824,81 euros (IVE. 18%)

3º.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 4.695,97 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aboada a modificación do contrato, polo tanto queda fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 34.552,69 euros.”

**24.-APROBAR O PLAN DE SENDAS PEONÍS 2010, TERCEIRA FASE QUE INTEGRA A OBRA: CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL DESDE FONTE DÍAZ (TOURO) ATA CEBREIRO (O PINO) D.P. 660 (CÓDIGO 1011700005.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o Plan de vías de sendas peonís 2010, terceira fase, cun orzamento total de 216.017,22 euros, polo que se poderá financiar con cargo á aplicación 0202/454B/650 e que a continuación se detalla.

| DENOMINACIÓN   | ORZAMENTO  |
|--|------------|
| CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL DENDE FONTE DÍAZ (TOURO) ATA CEBREIRO (O PINO) DP 660<br>CÓDIGO 1011700005.0) | 216.017,22 |

2º.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio para publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

**25.-DESESTIMAR AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á EXPROPIACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO MODIFICADO DO DE TRAVESÍA NA DP 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO P.Q. 0,000 AO 3,120 (1ª FASE: O BOSQUE) (0511300017.0) E EXECUTAR A FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO CITADO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Dar por cuberta a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto Modificado do de travesía na EP 3109 Vilaboa a Peiro por Tarrío P.K. 0,000 ao 3,120 (1ª fase: O Bosque) (0511300017.0) (Código do proxecto de gastos 2005P0012).

2º.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expoñer cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio, tendo en conta que, de conformidade co informe emitido por Vías e Obras:

-Actualmente a estrada DP 3109 ten unha calzada estreita de media inferior aos 6 m, carece de beiravías. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación, especialmente durante o cruzamento de vehículos, sobre todo se estes son pesados, chegando a ter que reducir a súa velocidade ata case a súa detención.

-Segundo os datos de aforamentos realizados recentemente a intensidade media diaria da devandita estrada é de 362 vehículo/día cun 49% de vehículos pesados e con

intensidades horarias de ata 486 vehículos/hora, que unido ás precarias condicións xeométricas da vía, provocan que actualmente, a seguridade na circulación da estrada necesita unha mellora urxente, que ha de consistir na consecución dunha mellor xeometría (ampliación de calzada, creación de beirarrúas).

-Nos últimos catro anos producíronse 22 accidentes de tráfico na estrada dos cales 10 foron no tramo en que se vai levar a cabo a actuación. Eses 10 provocaron un ferido grave e 5 feridos leves. Independentemente doutras circunstancias concorrentes (velocidade, estado do condutor, factores climatolóxicos), a mellora urxente das condicións da circulación peonil da vía diminuírá o risco de atropelo.

-A estrada provincial atravesa núcleos de poboación con grande densidade de vivendas, polo que existe un apreciable tránsito de peóns nas devanditas zonas poboadas. Actualmente a estrada carece de beiravías, que unido ás reducidas dimensións da calzada, provoca que os peóns non poidan desprazarse nas debidas condicións de seguridade. A mellora do ancho de calzada e a creación de beirarrúas posibilitarán unha circulación máis segura para todos os veciños dos núcleos existentes na estrada provincial.

É por iso que esta Deputación Servizo considera suficientemente xustificada a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para unha pronta execución da obra de mellora da estrada co obxecto de emendar, no menor tempo posible, as carencias actuais que imposibilitan unha mellora da seguridade viaria da estrada provincial DP 3109.

Ademais, tendo en conta que nas devanditas alegacións expón cuestións que no seu caso deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio (modificación de trazado para que non afecte á súa propiedade, determinación dos bens afectados, medición, estaquillado, titularidades, reposición de bens afectados etc).

3º.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

-Actualmente a estrada DP 3109 ten unha calzada estreita de media inferior aos 6 metros, carece de beiravías. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación, especialmente durante o cruzamento de vehículos, sobre todo se estes son pesados, chegando a reducir a súa velocidade ata case a súa detención.

-Segundo os datos de aforamentos realizados recentemente a intensidade media diaria da devandita estrada é de 4.632 vehículos/día cun 49% de vehículos pesados e con intensidades horarias de ata 106/hora, que unido ás precarias condicións xeométricas da vía, provocan que, actualmente, a seguridade na circulación da estrada necesita unha mellora urxente, que ha de consistir na consecución dunha mellor xeometría (ampliación de calzada, creación de beirarrúas).

-Nos últimos catro anos producíronse 22 accidentes de tráfico na estrada dos cales 10 foron no tramo en que se vai levar a cabo a actuación. Eses 10 accidentes provocaron un ferido grave e 5 feridos leves, independentemente doutras circunstancias concorrentes (velocidade, estado do condutor, factores climatolóxicos) a mellora urxente das condicións da circulación peonil da vía diminuírá o risco de atropelo.

-A estrada provincial atravesa núcleos de poboación con gran densidade de vivendas, polo que existe un apreciable tránsito de peóns nas devanditas zonas poboadas. Actualmente a estrada carece de beiravías, que unido ás reducidas dimensións da calzada provoca que os peóns non poidan desprazarse coas debidas condicións de seguridade. A mellora do ancho de calzada e a creación de beiravías posibilitarán unha circulación máis segura para todos os veciños dos núcleos existentes na estrada provincial.

É por iso que esta Deputación Servizo considera suficientemente xustificada a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para unha pronta execución da obra de mellora da estrada co obxecto de emendar, no menor tempo posible, as carencias actuais que imposibilitan unha mellora da seguridade viaria da estrada provincial DP 3109

Ademais, tendo en conta que as ditas alegacións expoñen cuestións que no seu caso deberá dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio (modificación de trazado para que non afecte á súa propiedade, determinación dos bens afectados, medición, estaquillado, titularidades, reposición de bens afectados etc).

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

**26.-DESESTIMAR AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA EP 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 AO 1,1 (CABANAS) (0811300010.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Á vista do informe emitido polo Servizo de Vías e Obras, desestimar as alegacións presentadas contra a aprobación do proxecto MODIFICADO N. 1 DO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 AO 1,1. (CABANAS) (0811300010.0) (CÓDIGO DE PROXECTO DE GASTOS: 2008.3.82000.0006) tendo en conta que segundo o informe emitido polo Servizo de Vías e Obras “o escrito oponse ás obras proxectadas sen indicar ningunha razón que xustifique a dita oposición. O obxecto do proxecto é a mellora da seguridade viaria na devandita zona, tanto dos vehículos como dos peóns, constituíndo por tanto o devandito obxecto un interese público”.

- Publicar o citado acordo mediante anuncio para inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobado.

- Comunicar o presente acordo a todos os afectados

## **27.-CONCESIÓN DUNHA PRÓRROGA DE CORENTA DÍAS AO CONCELLO DE ARTEIXO PARA QUE REMITA A DOCUMENTACIÓN DA BASE 3.2 DO TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

1º.-Conceder unha prórroga de corenta días para que o Concello de ARTEIXO remita a documentación da base 3.2. DO TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2008-2011 (PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P.0513 DE PONTE MUIÑOS A CAIÓN POR PAIOSACO PK 1,38 AO 3,2 (ARTEIXO E A LARACHA) e que literalmente di:

*A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.*

*A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.*

*Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.*

2º.Todo iso para os efectos de sometelo, unha vez cuberto o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

Caso de que non se remita a documentación requirida no prazo fixado arquivarase o expediente.”

## **28.-APROBAR O PLAN DE SENDAS PEONÍS 2010 4ª FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: -MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 7504 SENDA PEONIL EN CASTELO A CARNOEDO P.Q. 1+150 AO P.Q. 2+180 (SADA). CÓDIGO 1011700005.0.**



Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2010, cuarta fase, cun orzamento total de 132.363,26 euros, polo que se poderá financiar con cargo á aplicación 0202/454B/650 e que a continuación se detalla.

| DENOMINACION   | ORZAMENTO  |
|--|------------|
| -Mellora da seguridade viaria na DP 7504 senda peonil en Castelo a Carnoedo P.Q. 1+510 ao P.Q. 2+180 (Sada)<br>Código 1011700005.0 | 132.363,26 |

2º.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio para publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

**29.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 UNDÉCIMA FASE INTEGRADA POLOS PROXECTOS: -REPARACIÓN PAVIMENTO E MELLORA DE DRENAXE NA ESTRADA 3802 RÚA ROSALÍA DE CASTRO (ORDES) CÓDIGO 1011100011.0; -DP 5708 ACCESO Á IGREXA DE ARGALO ENSANCHE E MELLORA P.Q. 1+380 AO P.Q. 1+620. NOIA. CÓDIGO 1011100012.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 undécima fase, cun orzamento total de 97.383,46 euros, polo que se poderá financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 e que a continuación se detallan.

| DENOMINACION   | ORZAMENTO |
|--|-----------|
| -Reparación do pavimento e mellora da drenaxe na estrada 3802 Rúa Rosalía de Castro (Ordes)<br>Código 1011100011.0 | 21.037,41 |
| -D.P. 5708 Acceso á igrexa de Argalo. Ensanche e mellora P.Q. 1+380 ao P.Q. 1+620 Noia<br>Código 1011100012.0      | 76.346,05 |
|  | 97.383,46 |

2º.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio para publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

**30.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 DÉCIMA FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DA CAPA DE RODAXE NO**

**D.P. 5903 ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA (ORDES)  
CÓDIGO 1011100010.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 décima fase, cun orzamento total de 116.663,02 euros, polo que se poderá financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 e que a continuación se detallan.

| DENOMINACION  | ORZAMENTO  |
|---|------------|
| -Mellora da capa de rodadura na D.P. 5903 Ordes a Portomouro por Pontechonia (Ordes)<br>101110.0010.0 | 116.663,02 |

2º.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio para publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

**31.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 DUODÉCIMA FASE INTEGRADO POLOS PROXECTOS: -MELLORA DA SINALIZACIÓN VERTICAL SINAIS P-24 ZONAS A E B (CÓDIGO 1011100013.0; -MELLORA DA SINALIZACIÓN VERTICAL SINAIS P-24 ZONAS C E D (CÓDIGO 1011100014.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2010 duodécima fase, cun orzamento total de 80.620,02 euros, polo que se poderá financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 e que a continuación se detallan.

| DEONIMACION  | ORZAMENTO |
|--|-----------|
| -Mellora da sinalización vertical sinais P-24 zonas A e B<br>(Código 101110.0013.0)  | 45.158,29 |
| -Mellora da sinalización vertical sinais P-24 zonas C e D<br>(Código 10.1110.0014.0) | 35.461,73 |
| TOTAL  | 80.620,02 |

2º.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio para publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

**32.-APROBAR O PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 SEXTA FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: ENSANCHE E MELLORA DA DP 1101 DE TRIÑÁNS Á ESTRADA DE BOIRO Á PONTE DE SAN FRANCISCO (BOIRO). CÓDIGO 1011000028.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.-Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2010 sexta fase, cun orzamento total de 186.641,12 euros, polo que se poderá financiar con cargo á aplicación 0401/453A/61900 e que a continuación se detalla:

| DENOMINACION   | PRESUPUESTO |
|--|-------------|
| -Ensanche e mellora da DP 1101 de Triñáns á estrada de Boiro á ponte de San Francisco (Boiro)<br>Código 10.1100.0028.0 | 186.641,12  |

2º.- Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio para publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

**33.-MODIFICAR O ACORDO PLENARIO DO 29-10-2010 RELATIVO Á APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 11ª FASE 1ª RELACIÓN INTEGRADA POLO PROXECTO “TRAVESÍA NA ESTRADA DP 3205 PRÉSARAS A CARREGOSA P.Q. 0+000 AO P.Q. 266 (VILASANTAR) (CÓDIGO 0911300023.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o acordo plenario do 29-10-2010 relativo á aprobación provisional do Plan de travesías 2009 11ª fase 1ª relación integrada polo proxecto “Travesía na estrada DP 3205 Présaras a Carregosa P.Q. 0+000 ao pq. 266 (Vilasantar) (Código 0911300023.0) no sentido onde di presuposto 175.393,30 debe dicir 178.417,31 (IVE 18%).”

**34.-APROBAR O PLAN DE SENDAS PEONÍS 2010 QUINTA FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 7506 SENDA PEONIL NO P.Q. 0+450 AO 1+350 (SADA) CÓDIGO 1011700006.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o Plan de senda peonís 2010 quinta fase, cun orzamento total de 227.232,61 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0202/454B/650 e que a continuación se detalla.

| DENOMINACIÓN   | ORZAMENTO  |
|--|------------|
| -Mellora da seguridade viaria na DP 7506 senda peonil no p.q. 0+450 ao 1+350 (Sada)<br>(Código 1011700006.0) | 227.232,61 |

2º.- Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio para publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.